

CONCELLO DE ZAS

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL



Mapa do Concello de Lugo dividido en parroquias coloridas. As parroquias mostradas son: S. Xil, Otero, Lugo, S. Xil de Abaixo, S. Xil de Arriba, S. Xil de Baixo, S. Xil de Cima, S. Xil de Dentro, S. Xil de Fora, S. Xil de Meia, S. Xil de Pequena, S. Xil de Grande, S. Xil de Nova, S. Xil de Velha, S. Xil de Antiga, S. Xil de Moderna, S. Xil de Futura, S. Xil de Pretita, S. Xil de Utopia, S. Xil de Nuvem, S. Xil de Terra, S. Xil de Água, S. Xil de Fogo, S. Xil de Ar, S. Xil de Espaço, S. Xil de Tempo, S. Xil de Vida, S. Xil de Morte, S. Xil de Amor, S. Xil de Ódio, S. Xil de Esperança, S. Xil de Desespero, S. Xil de Fé, S. Xil de Dúvida, S. Xil de Confiança, S. Xil de Desconfiança, S. Xil de Paz, S. Xil de Guerra, S. Xil de Harmonia, S. Xil de Disharmonia, S. Xil de Beleza, S. Xil de Feiura, S. Xil de Bondade, S. Xil de Maldade, S. Xil de Verdade, S. Xil de Mentira, S. Xil de Justiça, S. Xil de Injustiça, S. Xil de Liberdade, S. Xil de Escravidão, S. Xil de Igualdade, S. Xil de Desigualdade, S. Xil de União, S. Xil de Separação, S. Xil de Vida, S. Xil de Morte, S. Xil de Amor, S. Xil de Ódio, S. Xil de Esperança, S. Xil de Desespero, S. Xil de Fé, S. Xil de Dúvida, S. Xil de Confiança, S. Xil de Desconfiança, S. Xil de Paz, S. Xil de Guerra, S. Xil de Harmonia, S. Xil de Disharmonia, S. Xil de Beleza, S. Xil de Feiura, S. Xil de Bondade, S. Xil de Maldade, S. Xil de Verdade, S. Xil de Mentira, S. Xil de Justiça, S. Xil de Injustiça, S. Xil de Liberdade, S. Xil de Escravidão, S. Xil de Igualdade, S. Xil de Desigualdade, S. Xil de União, S. Xil de Separação.

DOCUMENTO DE APROBACIÓN DEFINITIVA

[illegible]

CATÁLOGO DE PATRIMONIO





MONTEDULIA ARQUITECTURA S.L.
 OUTUBRO DE 2007


OUTUBRO DE 2007

**CATÁLOGO DE
ARQUITECTURA**

INTRODUCCIÓN

Este Documento constitúe a relación de elementos arquitectónicos e etnográficos do Concello de Zas, obxecto de especial protección polas súas calidades históricas, artísticas, culturais e naturais, que se consideran Patrimonio, e necesitan dos mecanismos apropiados que garantan a súa correcta protección e conservación. Ten carácter aberto polo que existe a posibilidade de incorporar, a partir da aprobación deste Plan Xeral, outros Elementos do Patrimonio que se consideren a protexer.

Se no apartado de Normativa Urbanística, definíase a clasificación de solo afectado pola existencia dun Elemento do Patrimonio, aquí defíniranse aqueles condicionantes que afectan ó propio elemento no referente a unha posible intervención, establecéndose os diferentes Graos de Protección. Defíniranse ademais os diferentes niveles de intervención, que irán asociados a cada Grao de Protección proposto.

GRAOS DE PROTECCIÓN

PROTECCIÓN MONUMENTAL - INTEGRAL:

Este nivel de protección é aplicábel a aqueles Elementos do Patrimonio Arquitectónico de excepcional valor histórico-artístico cuxas calidades, ou ben, por definición regulamentaria deban incluírse na categoría de Ben de Interese Cultural.

Para o caso concreto deste Plan Xeral debe incluírse o conxunto histórico-artístico das Torres dó Allo, o cal conta con consideración de Ben de Interese Cultural, e co seu entorno de protección delimitado por Decreto 82 de 25 de marzo de 1999.

Serán de aplicación os criterios de intervención definidos para a Protección Monumental que fan referencia ó artigo 39 da Lei 8/95:

- a) Respetaranse as características esenciais do inmovble, sen prexuízo de que poda autorizarse o uso de elementos, técnicas ou materiais actuais para a mellor adaptación do Ben ao seu uso e para valorar determinados elementos ou épocas.
- b) Conservaranse as características volumétricas e espaciais definidoras do inmovble, así como as contribucións de distintas épocas. No caso de que excepcionalmente se autorice algunha supresión, esta quedará debidamente documentada.
- c) Evitaranse os intentos de reconstrución, agás nos casos nos que a existencia de suficientes elementos orixinais así o permita.
- d) Non se poderán realizar adicións miméticas que falseen a súa autenticidade histórica.
- e) Cando sexa indispensábel para a estabilidade e o mantemento do inmovble, a adición de materiais deberá ser recoñecíbel.
- f) Se impedirán as accións agresivas nas intervencións sobre os paramentos.

É por iso que as obras autorizábeis, seguindo a propia definición establecida no presente catálogo, son as de conservación, consolidación, restauración, recuperación e reconstrución.

O resto de actuacións non serán autorizables. Os edificios ós que se outorgue este nivel de protección consolidarán o volume construído actual, sen prexuízo da posibilidade de autorizar, previo informe favorable da Consellería de Cultura, actuacións concretas para elementos anexos e complementarios que non supoñan novas unidades residenciais.

PROTECCIÓN INTEGRAL:

Constitúe o grao de protección total ou integral daqueles Elementos do Patrimonio que aínda non sendo BIC precisan dun mecanismo de protección adecuado ó seu valor e importancia histórico-artística.

Asígnase este grao de protección ás igrexas, pazos, casas señoriais, etc. cunhas calidades artísticas e valor histórico excepcionais e que merecen ser conservadas.

PROTECCIÓN ESTRUCTURAL:

Asígnase este grao a todos aqueles Bens de certo valor, xa sexa pola súa condición histórica local ou rexional, polas súas calidades artísticas ou valor cultural, pero que teñen menor importancia que os de Protección Integral.

A súa importancia pode darse por ter de maneira puntual e localizada elementos de gran valor artístico; por seren construcións de calidade destacable con elementos ou partes realizados con oficios nobres ou simplemente por gozar de certa soleira ou prestixio popular ó constituírse como un fito histórico.

Forman este grupo, algunhas igrexas e cemiterios, capelas, pazos, casas solaregas ou reitorais, etc.

Para este grao de protección permítense obras de conservación, consolidación, restauración, reconstrución, recuperación e reforma interior.

O resto de actuacións entenderanse non autorizables a non ser que por circunstancias especiais sexan autorizadas pola Consellería de Cultura por tratarse de elementos de titularidade pública ó servizo da colectividade, como equipamentos e dotacións, tralas xustificacións necesarias.

Calquera intervención nun elemento así clasificado, deberá realizarse baixo a competencia e control da Comisión Territorial de Patrimonio.

PROTECCIÓN AMBIENTAL OU TIPOLÓXICA:

Correspóndelle este grao de protección a aqueles Elementos que constitúen unha referencia ou exemplo no contexto dunha tipoloxía determinada sen ter unhas calidades históricas ou artísticas importantes.

O seu valor radica nunhas calidades técnico-construtivas tradicionais ou populares.

É por isto que nesta categoría inclúense os elementos de arquitectura popular nos seus diferentes contextos (rural, urbano), os elementos etnográficos ou ben aqueles elementos que teñen detalles puntuais elaborados con técnicas ou oficios tradicionais e que é preciso conservar.

Permítese tódolos tipos de obras definidos neste catálogo, sendo en calquera caso necesario o control por parte da Consellería de Cultura para poder obter licenza municipal.

PROTECCIÓN DO ESPAZO EXTERIOR:

Corresponde este grao ós espazos exteriores nos que o valor requira a súa protección. Pode tratarse de espazos no ámbito urbano, tales como prazas ou rúas enteiras ou espazos no ámbito rural como campos de festa, prazas, carballeiras, etc.

Por tratarse de espazos públicos, o seu carácter de sistema está especificado na Normativa.

Preténdese conserva-lo aspecto orixinal destes espazos protexéndoos daquelas instalacións permanentes ou temporais, tales como iluminación, casetas, postos de venta, palcos de música, etc., que non poderán ocupar máis que o 10% da superficie total. A posta de iluminación temporal farase con especial coidado no referente ós puntos de ancoraxe. Non está permitido cravar ningún tipo de elemento auxiliar ou cartel nas árbores integradas nestes espazos.

Permítese obras de conservación, consolidación, restauración, reconstrución, recuperación e nova planta.

Calquera intervención nun elemento así clasificado, deberá realizarse baixo o control da Comisión Territorial de Patrimonio.

DEFINICIÓN DOS NIVEIS DE INTERVENCIÓN

OBRAS DE CONSERVACIÓN:

Son aquelas accións que supoñen o mantemento do ben co fin de conservalo en bo estado sen que por isto se afecte negativamente a elementos artísticos, fachadas, estrutura, etc.

Entra dentro desta clasificación a limpeza, sempre e cando non sexa agresiva (chorro de auga a presión, etc.); a restitución de elementos non artísticos como tellas, vidros, etc.; a pintura de elementos xa pintados; etc.

OBRAS DE CONSOLIDACIÓN:

Son as necesarias para mante-la estabilidade do Ben dende un punto de vista estrutural. Afecta por tanto a aqueles elementos integrantes da estrutura como muros, vigas, cimentación, arcos, bóvedas, etc.

Cando as circunstancias esixan a substitución ou reelaboración de pezas ou elementos completos dun determinado sistema estrutural que estivera danado ou en mal estado utilizaranse materiais similares ós existentes.

Non obstante o anterior, será preciso establece-los tratamentos oportunos no novo elemento mediante textura, color, etc. a fin de que se diferencien suficientemente as partes orixinais das de nova execución.

Cando se proceda a elaborar elementos estruturais ausentes poderase, de forma xustificada, empregar materiais e técnicas modernas para incidir, si cabe, en ditas diferenzas. En calquera caso, os novos elementos responderán ós mesmos principios estéticos que os orixinais, resolvendo o mesmo tipo de solicitation.

Toda obra de consolidación realizarase segundo proxecto redactado por Técnico Superior.

OBRAS DE RESTAURACIÓN:

Considéranse obras de restauración aquelas que precisan de técnicas precisas e específicas de cara ó mantemento e tratamento de patoloxías que afectan ás diferentes partes do Ben. Estas poden ter orixe en elementos de carácter artístico, o que supón o coñecemento profundo das artes e oficios tradicionais (carpintería, talla, policromía, oficios do metal, cantería, etc.) para a súa intervención.

É por isto que toda obra de restauración debe ser executada e controlada por técnico especialista en restauración baixo control dun Técnico Superior.

OBRAS DE RECUPERACIÓN:

As obras de recuperación son aquelas que se realizan co fin de recupera-lo estado orixinal dun Elemento do Patrimonio no suposto de que ó longo do tempo sufrira alteracións de diversa índole. Estas alteracións pódense referir a cambios nos materiais que conforman determinados elementos construtivos e que resultan indecorosos ou inadecuados.

Noutros casos puidera referirse á construción de engadidos en tempos pasados e que hoxe en día resulten improcedentes.

É por isto que as obras de recuperación implican a substitución ou demolición de elementos ou partes do Ben para a súa posterior execución fiel ó existente no seu estado orixinal.

Cando non existan argumentos capaces de definir cal era o estado orixinal dun determinado Elemento do Patrimonio (falta de datos históricos, dificultade expresa, etc.) poderase propor solucións modernas capaces de potencia-los valores inherentes á propia natureza do Ben.

Estas estarán convenientemente xustificadas na memoria do proxecto técnico, que ademais exporá as investigacións realizadas que fagan de soporte á proposta de intervención.

OBRAS DE RECONSTRUCCIÓN:

Son aquelas nas que o fin é a reconstrución dunha parte ou totalidade do Ben tras producirse a súa ruína o desaparición.

Este tipo de obras require, si cabe, un maior esforzo de xustificación da proposta de intervención pois dependendo das circunstancias de cada caso (grao de perda do elemento orixinal, importancia histórico-artística, etc.) optarase por una determinada solución.

Como criterio xeral terase en conta que as reconstrucións que afecten a elementos parciais serán fieis ó resto das partes que se conserven. Pola contra, na medida en que a perda do Elemento do Patrimonio sexa maior, a reconstrución poderá gozar de elementos de reinterpretación máis libres e menos condicionados por técnicas e materiais tradicionais.

En calquera dos casos, as obras de reconstrución refugarán de imitacións superfluas e carentes de contido. Estableceranse as medidas tendentes a diferencia-lo novo do preexistente tendo sempre en consideración conceptos básicos como a integración, o respecto e posta en valor do que se pretende protexer, etc., utilizando elementos de composición adecuados e xustificados como a escala, o volume, a proporción ...

OBRAS DE NOVA PLANTA OU AMPLIACIÓN:

Son aquelas que se realizan dentro do ámbito de protección integral dun determinado Elemento do Patrimonio ou ben que sen afectar a dito ámbito, supoñen unha variación ou modificación do Ben por canto afecta as súas condicións volumétricas orixinais.

Considéranse obras de nova planta ou ampliación aquelas que se desenvolven en contacto directo co Ben e afectan as súas condicións de volume, xa sexa polo aumento da súa altura, o número de plantas ou por ser obxecto de engadidos ou anexos volumétricos.

Tamén se consideran obras de nova planta ou ampliación aquelas que teñen lugar nun recinto ou finca obxecto de protección integral aínda que a súa localización se encontre distante dos elementos construídos que compoñen o conxunto.

Para calquera dos casos e no suposto de que a obra de nova planta ou ampliación sexa permitida polo grao de protección asignado, será de aplicación a ordenanza respectiva segundo a clase de solo que afecta a cada elemento protexido a fin de determinar parámetros relativos ás condicións de parcela, ocupación, edificabilidade, etc.

Dende o punto de vista dunha posible intervención será necesario formular na memoria xustificativa do proxecto técnico os criterios de deseño e de proxecto tidos en conta en relación á posta en valor do elemento protexido así como garanti-la integración da obra nova no conxunto.

OBRAS DE REFORMA INTERIOR:

Son as realizadas intramuros dunha edificación e que, polo tanto, non afectan ás condicións exteriores como fachadas, ocos, cuberta, etc. No interior deberán respectarse tódolos muros ou elementos estruturais verticais. Permítese as modificacións de particións interiores así como a dotación de todo tipo de instalacións necesarias para que se cumpran as condicións de habitabilidade e hixiénico-sanitarias.

OBRAS DE REFORMA EXTERIOR:

Neste tipo de obras permítese realizar cambios nas fachadas, como apertura e cegue de ocos, e a cuberta, sempre e cando se respecten os elementos tipolóxicos como por exemplo a proporción dos ocos, a ausencia de aleiros, etc., e se cumpra coas condicións que fixe a ordenanza reguladora do solo.

Utilizaranse sempre materiais tradicionais propios do entorno, quedando expresamente prohibidos os materiais cerámicos de fachada, a utilización do bloque de formigón ou a utilización de pinturas con cores alleas ó entorno ou a tradición do lugar.

CONCELLO DE ZAS

RELACIÓN DE BENS A CATALOGAR

Nº de Ficha:

1.- ARQUITECTURA RELIXIOSA

- 1.1.- IGREXA PARROQUIAL DE SAN PEDRO DE TORRES DO ALLO, ALLO
- 1.2.- IGREXA PARROQUIAL DE SANTA MARÍA DE BAIO, BAIO PEQUENO, BAIO
- 1.3.- IGREXA PARROQUIAL DE SAN PEDRO DE BRANDOMIL,
- 1.4.- IGREXA PARROQUIAL DE SANTA MARÍA DE BRANDOÑAS
- 1.5.- IGREXA PARROQUIAL DE SANTIAGO DE CARREIRA
- 1.6.- IGREXA PARROQUIAL DE SANTA MARÍA DE GÁNDARA
- 1.7.- IGREXA PARROQUIAL DE SANTA MARÍA DE LAMAS
- 1.8.- IGREXA PARROQUIAL DE SANTIAGO DE LOROÑO
- 1.9.- IGREXA PARROQUIAL DE SANTA MARÍA DE MIRA
- 1.10.- CAPELA DE SAN PEDRO DE FOLLENTE, MIRA
- 1.11.- CAPELA DE SAN ROQUE DO MONTE, MIRA
- 1.12.- IGREXA PARROQUIAL DE SAN TIRSO DE MUÍÑO,
- 1.13.- ERMIDA DE SANTA MARGARIDA, MUÍÑO
- 1.14.- IGREXA PARROQUIAL DE SAN CREMENZO DE PAZOS
- 1.15.- IGREXA NOVA DE BAIO
- 1.16.- IGREXA PARROQUIAL DE SAN MARTIÑO DE MEANOS
- 1.17.- CAPELA DO PAZO DE EDREIRAS, AS EDREIRAS, MEANOS
- 1.18.- IGREXA PARROQUIAL DE SANTA SÍA DE ROMA
- 1.19.- IGREXA PARROQUIAL DE SANTO ADRIAN DE CASTRO
- 1.20.- ERMIDA DE SAN XOSÉ, RIAL DE ARRIBA, MEANOS
- 1.21.- IGREXA PARROQUIAL DE SAN PEDRO DE VILAR,
- 1.22.- IGREXA PARROQUIAL DE SANTO ANDRÉ DE ZAS

Nº de Ficha:

2.- CRUCEIROS

- 2.1.- CRUCEIRO DO ALLO
- 2.2.- CRUCEIRO DO IGREXARIO. BAIO PEQUENO
- 2.3.- CRUCEIRO DO CEMITERIO BAIO. PEQUENO
- 2.4.- CRUCEIRO EN CRUCE AC-340 ESTRADA DE ARRIBA. BAIO PEQUENO
- 2.5.- CRUCEIRO EN ESTRADA DE ARRIBA, BAIO PEQUENO
- 2.6.- CRUCEIRO EN BAIO
- 2.7.- CRUCEIRO DO CAMPO DO ROLLO. BAIO
- 2.8.- CRUCEIRO XUNTO A ESTRADA A LAXE. FORNELOS. ABIO
- 2.9.- CRUCEIRO EN RIBA DE BAO. BAIO
- 2.10.- CRUCEIRO EN IGREXARIO. BRANDOMIL
- 2.11.- CRUCEIRO NO CONFURCO. BRANDOMIL
- 2.12.- CRUCEIRO NA GRIS. BRANDOÑAS
- 2.13.- CRUCEIRO EN IGREXARIO. CARREIRA
- 2.14.- CRUCEIRO EN CARREIRA. CARREIRA
- 2.15.- CRUCEIRO EN CAMPO DA FESTA. CARREIRA
- 2.16.- CRUCEIRO DA RAPADA. PEDRAMAIOR. CARREIRA
- 2.17.- CRUCEIRO EN IGREXARIO. GÁNDARA
- 2.18.- CRUCEIRO EN QUINTÁNS. GÁNDARA
- 2.19.- CRUCEIRO NO SISTO. GÁNDARA
- 2.20.- CRUCEIRO DA MISIÓN FRANCISCANA. GÁNDARA
- 2.21.- CRUCEIRO DO ADRO. LAMAS
- 2.22.- CRUCEIRO EN ANDRAGALLA. LAMAS
- 2.23.- CRUCEIRO EN CAMPO DA FESTA. LAMAS
- 2.24.- CRUCEIRO DE ROMELLE. LOROÑO
- 2.25.- CRUCEIRO DE BAIZANA. LOROÑO
- 2.26.- CRUCEIRO EN IGREXARIO. LOROÑO
- 2.27.- CRUCEIRO EN IGREXARIO. MIRA
- 2.28.- CRUCEIRO EN CAPELA DE SAN ROQUE. MIRA
- 2.29.- CRUCEIRO DE FOLLENTE. MIRA
- 2.30.- CRUCEIRO DA ESCOLA. MIRA
- 2.31.- CRUCEIRO EN GONTALDE. MIRA
- 2.32.- CRUCEIRO DA TORRE. MUÍÑO

- 2.33.- CRUCEIRO EN IGREXARIO. MUÍÑO
- 2.34.- CRUCEIRO EN A SANTA. MUÍÑO
- 2.35.- CRUCEIRO NO CEMITERIO. SAN CREMENZO DE PAZOS
- 2.36.- CRUCEIRO NO POLIDEPORTIVO. SAN CREMENZO DE PAZOS
- 2.37.- CRUCEIRO DO IGREXARIO. SAN MARTIÑO DE MEANOS
- 2.38.- CRUCEIRO EN RIAL DE ARRIBA. SAN MARTIÑO DE MEANOS
- 2.39.- CRUCEIRO EN CRUCEIROS DE DIANTE. SAN MARTIÑO DE MEANOS
- 2.40.- CRUCEIRO DE REGUEIRO. SAN MARTIÑO DE MEANOS
- 2.41.- CRUCEIRO DO IGREXARIO. SANTA SÍA DE ROMA
- 2.42.- CRUCEIRO EN RUS. SANTA SÍA DE ROMA
- 2.43.- CRUCEIRO EN RUS. SANTA SÍA DE ROMA
- 2.44.- CRUCEIRO EN RIBADA DA BRAÑA. RUS. SANTA SÍA DE ROMA
- 2.45.- CRUCEIRO EN FONTECOVAS DE AFORA. SANTA SÍA DE ROMA
- 2.46.- CRUCEIRO EN ALTO DE ROMA DA FENLLA. SANTA SÍA DE ROMA
- 2.47.- CRUCEIRO EN ROMA. SANTA SÍA DE ROMA
- 2.48.- CRUCEIRO DO IGREXARIO. SANTO ADRIÁN DE CASTRO
- 2.49.- CRUCEIRO DE SANTO ADRIÁN. SANTO ADRIÁN DE CASTRO
- 2.50.- CRUCEIRO DE PAZOS. VILAR
- 2.51.- CRUCEIRO DO IGREXARIO. VILAR
- 2.52.- CRUCEIRO DAS GAMELAS. VILAR. VILAR
- 2.53.- CRUCEIRO DO MONTE. VILAR. VILAR
- 2.54.- CRUCEIRO DO CEMITERIO. ZAS
- 2.55.- CRUCEIRO DO IGREXARIO. ZAS

Nº de Ficha:

3.- CASAS REITORAIS

- 3.1.- CASA REITORAL DE GÁNDARA
- 3.2.- CASA REITORAL DE LAMAS
- 3.3.- CASA REITORAL DE LOROÑO
- 3.4.- CASA REITORAL DE MIRA
- 3.5.- CASA REITORAL DE MEANOS
- 3.6.- CASA REITORAL DE ZAS
- 3.7.- CASA REITORAL DE MUÍÑO. O VILAR

Nº de Ficha:

4- ARQUITECTURA SEÑORIAL

- 4.1.- TORRES DO ALLO
- 4.2.- CASA DE XERNE. O ALLO
- 4.3.- CASA DE LABARTA POSE. BAIO
- 4.4.- CASA DE LAMAS. LAMAS
- 4.5.- PAZO DE ROMELLE. LOROÑO
- 4.6.- PAZO DE FOLLENTE. MIRA
- 4.7.- CASA TORRE DO MUÍÑO. MUÍÑO
- 4.8.- PAZO DE DANEIRO. PAZOS
- 4.9.- PAZO DAS EDREIRAS. MEANOS
- 4.10.- PAZO DO CRUCEIRO. ZAS

Nº de Ficha:

5.- ARQUITECTURA CIVIL

- 5.1.- ESCOLAS AGRA REGUEIRO. CAMPO DO ROLLO. BAIO
- 5.2.- CASA DO CONCELLO. ZAS

Nº de Ficha:

6.- PONTES

- 6.1.- PONTE DE BAIO. AC-552
- 6.2.- PONTE LODOSO. AC-404
- 6.3.- PONTE DE BRANDOMIL

Nº de Ficha:

7.- VIVENDAS URBANAS

- 7.1.- CASA DE MARTÍNEZ. A CACHAROSA. BAIO
- 7.2.- CASA DOS MORGADE. O CHAMBERÍN. BAIO
- 7.3.- CASA DA PONTE. BAIO
- 7.4.- CASA DE VARELA. BAIO
- 7.5.- CASA NOVA DE AGRA. BAIO
- 7.6.- CASA DE BLANQUITA. BAIO PEQUENO
- 7.7.- CASAS VELLAS DA AGRA. BAIO
- 7.8.- CASA DE OUTEDA. O CHAMBERÍN. BAIO
- 7.9.- CASA DO ARCEBISPO ROMERO LEMA. BAIO

Nº de Ficha:

8.- CONXUNTOS DE ARQUITECTURA POPULAR

- 8.1.- CASA DO MUIÑEIRO E MUIÑOS. OS MUIÑOS. O ALLO
- 8.2.- CASA EN BRANDOMIL
- 8.3.- CASA, ALPENDRES, E HÓRREOS. OS CURRAIS. BRANDOÑAS
- 8.4.- CASA E ALPENDRES. VILARCOBO. BRANDOÑAS
- 8.5.- RECINTO CERRADO CON CASA, ALPENDRES, HÓRREO E POMBAL EN MORENO. CARREIRA
- 8.6.- CASA EN CARREIRA
- 8.7.- CASA MALLÓN. PEDRAMAJOR. CARREIRA
- 8.8.- CASA DO VINCULEIRO EN PARGA. GÁNDARA
- 8.9.- CASA, ALPENDRES E HÓRREOS NA XESTA. GÁNDARA
- 8.10.- CASA NA MOSQUEIRA. GÁNDARA
- 8.11.- CASA, ALPENDRES E HÓRREOS. VILAR RAMILO. GÁNDARA
- 8.12.- CASA, ALPENDRES E HÓRREOS. AS PEREIRAS. LAMAS
- 8.13.- CASA, ALPENDRE, HÓRREO. VERMELLO. LAMAS
- 8.14.- CASA, EIRA, ALPENDRE E HÓRREO. ROMELLE. LOROÑO
- 8.15.- CASA, ALPENDRE E HÓRREOS. IGREXARIO. MIRA
- 8.16.- CASA, ALPENDRE E HÓRREOS. ROSENDE. MIRA
- 8.17.- CASA, ALPENDRE E HÓRREO. TEIXIDÓN. MIRA
- 8.18.- CASA, ALPENDRE E HÓRREO. TEIXIDÓN. MIRA
- 8.19.- CASAS E ALPENDRES. PEDRA PADREIRO. MUIÑO
- 8.20.- CASAS DOS CASEIROS E ALPENDRES. DANEIRO. PAZOS
- 8.21.- CASA, ALPENDRE E HÓRREO. LUGAR DE ABAIXO. PAZOS
- 8.22.- CASA, ALPENDRE E HÓRREO. OS FIDALGOS. SAN MARTIÑO DE MEANOS
- 8.23.- CASA, EIRA, ALPENDRE E HÓRREO. SANTA SÍA DE ROMA
- 8.24.- CASA, ALPENDRES E HÓRREO. SACONDE. VILAR
- 8.25.- VIVENDA, PALLEIRA, ALPENDRE, EIRA E HÓRREO. VILAR DO MATO. ZAS
- 8.26.- PALLEIRA E VALADO EN CRUCEIRO. ZAS
- 8.27.- RECINTO CERRADO CON VARIAS EDIFICACIÓNS. ZAS
- 8.28.- RECINTO CERRADO CON VARIAS EDIFICACIÓNS. ZAS

Nº de Ficha:

9.- FONTES E LAVADOIROS

- 9.1.- FONTE CARDEZO. BAIÓ
- 9.2.- POZO DA LAVANDEIRA. CAMPO DO ROLLO. BAIÓ
- 9.3.- FONTE DO PINCHO. CAMPO DO ROLLO. BAIÓ
- 9.4.- FONTE DE VILAESTÉVEZ. GÁNDARA
- 9.5.- FONTE DA SANTA. MUÍÑO
- 9.6.- LAVADOIRO NA PONTE GONTALDE. MIRA

Nº de Ficha:

10.- MUÍÑOS

- 10.1.- MUÍÑOS DO ALLO. OS MUÍÑOS. O ALLO (DESCRITOS EN FICHA 8.1)
- 10.2.- MUÍÑO DAS QUINTAS. BAIÓ
- 10.3.- MUÍÑO DE SUA AGRA. BAIÓ
- 10.4.- MUÍÑO DE CARREIRA. CARREIRA
- 10.5.- MUÍÑOS DO RABIÑOSO. GÁNDARA
- 10.6.- MUÍÑO DAS PEREIRAS. LAMAS
- 10.7.- MUÍÑO DE VILACHÁN. LAMAS
- 10.8.- MUÍÑO DO COTÓN. LAMAS
- 10.9.- CONXUNTO DE TRES MUÍÑOS EN COTÓN DO MUÍÑO. LAMAS
- 10.10.- CONXUNTO DE TRES MUÍÑOS EN PEDRA VIXÍA. LAMAS
- 10.11.- MUÍÑO EN VILAR. VILAR
- 10.12.- MUÍÑO DA CASA DO MUÍÑO (MUÍÑO DE LUÍS). MIRA
- 10.13.- CONXUNTO DE TRES MUÍÑOS E UN MAZO (FORXA). TEIXIDÓN. MIRA
- 10.14.- MUÍÑO ARTÓN. TEIXIDÓN. MIRA
- 10.15.- MUÍÑO EN GONTALDE. MIRA
- 10.16.- MUÍÑO EN FOLLENTE. MIRA
- 10.17.- MUÍÑO DAS ABELLAS. MUÍÑO
- 10.18.- MUÍÑO NA MILLEIRA. SANTO ADRIÁN DE CASTRO
- 10.19.- MUÍÑO EN PRADO DE MUÍÑO. ZAS
- 10.20.- MUÍÑO DA CARBALLEIRA DE ZAS. ZAS
- 10.21.- MUÍÑO EN A TOXA. ZAS

Nº de Ficha:

11.- HÓRREOS

PROTECCIÓN XERAL A TODOS DE MÁIS DE CEN ANOS DE ANTIGÜIDADE, SEGUNDO DECRETO 449/1973, DO 22 DE FEBREIRO, E CONSIDERADOS B.I.C. POLA DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA DA LEI 16/85, DO 25 DE XUÑO, DO PATRIMONIO HISTÓRICO ESPAÑOL.

- 11.1.- HÓRREOS DE TORRES DO ALLO
- 11.2.- HÓRREOS DA VILA. BAIO
- 11.3.- HÓRREO NA GRIS. BRANDOÑAS
- 11.4.- HÓRREOS PRETO DO ADRO. LAMAS
- 11.5.- HÓRREOS NO VILAR. MUÍÑO
- 11.6.- HÓRREO EN QUINTÁNS. PAZOS
- 11.7.- HÓRREOS DA VILA. ZAS
- 11.8.- HÓRREO XUNTO AO IGREXARIO. CARREIRA. CARREIRA
- 11.9.- HÓRREO DA CASA REITORAL. GÁNDARA
- 11.10.- HÓRREO PRETO DA IGREXA. GÁNDARA
- 11.11.- 4 HÓRREOS. QUINTÁNS. GÁNDARA
- 11.12.- HÓRREOS NA ANDRAGALLA. LAMAS
- 11.13.- HÓRREOS EN TEIXIDÓN. MIRA
- 11.14.- HÓRREOS NAS ABELLAS. MUÍÑO
- 11.15.- 4 HÓRREOS NO COUTO. MUÍÑO
- 11.16.- HÓRREO NO CASTRO. SAN CREMENZO DE PAZOS
- 11.17.- 2 HÓRREOS NA ATALAIA. SAN MARTÍÑO DE MEANOS
- 11.18.- HÓRREO EN RIAL DE ARRIBA. SAN MARTÍÑO DE MEANOS
- 11.19.- HÓRREO EN SAN MARTÍÑO. SAN MARTÍÑO DE MEANOS.
- 11.20.- HÓRREO EN VILA. SAN MARTÍÑO DE MEANOS
- 11.21.- HÓRREO DO ROXO. ARTÓN. VILAR
- 11.22.- HÓRREO DA TOXA. ZAS

Nº de Ficha:

12.- POMBAIS

- 12.1.- POMBAL DAS TORRES DO ALLO
- 12.2.- POMBAL EN VILARCOBO. BRANDOÑAS
- 12.3.- POMBAL EN MORENO. CARREIRA
- 12.4.- POMBAL EN ARTILLEIRO. CARREIRA
- 12.5.- POMBAL EN PAZOS (DESCRITO NA FICHA 4-8)

MON... SL.

NOME: Igrexa parroquial das Torres do Allo

LUGAR: Allo

PARROQUIA: San Pedro do Allo

CÓDIGO DO ELEMENTO:

1-1

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Rústico de Protección Ordinaria

CALIFICACIÓN: Sistema Local de Equipamento

GRAO DE PROTECCIÓN: Integral

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-2



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Arquitectura relixiosa

ADSCRIPCIÓN CULTURAL: Renacemento

CRONOLOXÍA: S. XVI-XVII

PROPIETARIO: Diocese de Santiago de Compostela

USO ACTUAL: Litúrxico, devocionario

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRIPCIÓN: Edificio con planta de salón cunha única nave rectangular máis presbiterio e muros portantes de cachotería (adogada ó muro norte atópase a sancristía). As cubertas da nave principal son a dúas augas con cubrición de tella curva. No alzado exterior destaca a fachada, de perpiños de granito que presenta a clásica traza pentagonal; no eixe vertical que pasa polo seu centro, superpóñense a portada (con porta alintelada), unha ventá cuadrangular, unha pedra de armas e unha cruz coroando o vértice. A portada de tipo fachada-retablo, consta dun único corpo dividido en tres canles por columnas pseudodóricas con capiteis case cúbicos e fuste estriado. No centro atópase a porta coroada por un frontón, partido pola imaxe do patrón, San Pedro. Nos intercolumnios laterais, sobre ménsulas, as figuras de Adán e Eva. Sobre as columnas vai un entaboamento con molduras e sobre el, imaxes do virxe e do anxo san Gabriel?. Outro elemento salientable é a espadana do S. XVIII, de cantería e dun só corpo sobre unha cepa que acada a altura da nave.

NOME: Igrexa parroquial de Santa María de Baio

LUGAR: Baio pequeno

PARROQUIA: Santa María de Baio

CÓDIGO DO ELEMENTO:

1-2


CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano

CALIFICACIÓN: Sistema Local de Equipamento

GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-3



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Arquitectura relixiosa

ADSCRIPCIÓN CULTURAL: Barroco

CRONOLOXÍA: 2/3 século XVIII

PROPIETARIO: Diocese de Santiago de Compostela

USO ACTUAL: Litúrxico, devocionario

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRIPCIÓN: Edificio de planta de salón cunha nave rectangular, presbiterio e sancristía, muros portantes de cachotería, agás a fachada e esquinais de cantería, e cuberta a dúas augas (tres na sancristía) con cubrición de tella curva. No alzado exterior aprécianse tres alturas coincidentes cos corpos da nave, presbiterio e sancristía. A fachada concentra o interese artístico do edificio, cun esquema pentagonal e un eixe vertical central onde se superpoñen a porta alintelada con dobre orelleira moldurada, un tornachóvas mixtilíneo, unha fornela avieirada co ímaxe da virxe, un óculo e, sobre o ápice do hastial, unha espadana (S. XIX) dun só corpo, con tres machóns e dous arcos de medio punto, coroados por molduras con mótulos e dentículos, dous pináculos e un arquillo formado por roleas, rematan o conxunto.

NOME: Igrexa parroquial de San Pedro de Brandomil
LUGAR: Brandomil
PARROQUIA: San Pedro de Brandomil

CÓDIGO DO ELEMENTO:

1-3

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural
CALIFICACIÓN: Sistema Local de Equipamento
GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-19



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Arquitectura relixiosa

ADSCRIPCIÓN CULTURAL: Barroco

CRONOLOXÍA: S. XVIII

PROPIETARIO: Diocese de Santiago de Compostela

USO ACTUAL: Litúrxico, devocionario

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular, humidades

DESCRIPCIÓN: Edificio de planta de salón cunha nave rectangular, presbiterio e sancristía, muros portantes de cachotería, agás a fachada e esquinais de cantería, e cuberta a dúas augas (tres na sancristía) con cubrición de tella curva. No alzado exterior aprécianse tres alturas coincidentes cos corpos da nave, presbiterio e sancristía. A fachada concentra o interese artístico do edificio, cun esquema pentagonal e un eixe vertical central onde se superpoñen a porta alintelada con dobre oreilleiro moldurada, un tornachoívas mixtilíneo, unha fornella avleirada co imaxe da virxe, un óculo e, sobre o ápice do hastial, unha espadana (S. XIX) dun só corpo, con tres machóns e dous arcos de medio punto, coroados por molduras con mótulos e denticulos, dous pináculos e un arquillo formado por roleos, rematan o conxunto.

NOME: Igrexa parroquial de Santa María de Brandosa
LUGAR: Brandosa
PARROQUIA: Santa María de Brandosa

CÓDIGO DO ELEMENTO:

1-4

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural
CALIFICACIÓN: Sistema Local de Equipamento
GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-18



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Arquitectura relixiosa

ADSCRIPCIÓN CULTURAL: Barroco

CRONOLOXÍA: S. XVIII-XIX

PROPIETARIO: Diocese de Santiago de Compostela

USO ACTUAL: Litúrxico, devocionario

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular, humidades e liques nos paramentos

DESCRIPCIÓN: Edificio de planta rectangular, con muros portantes de cochotería enfusados, agás a fachada de cantería. Cuberta a dúas augas cun cubrición de tella curva. No lado norte, á altura do presbiterio, engodiuse o sancristía. A fachada concentra o interese artístico do edificio, cun esquema pentagonal e un eixe vertical central onde se superpoñen a porta alintelada, unha fornella avieirada co imaxe da virxe, unha pequena ventá cadrada e, sobre o ápice do hastial, unha espadana dun só corpo, con tres machóns e dous arcos de medio punto con balaústres pétreas, coroados por dous pináculos e unha cruz de pedra.

NOME: Igrexa parroquial de Santiago de Carreira

LUGAR: Carreira

PARROQUIA: Santiago de Carreira

CÓDIGO DO ELEMENTO:

1-5



CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Rústico de Protección Agrícola

CALIFICACIÓN: Sistema Local de Equipamento

GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-8



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Arquitectura relixiosa

ADSCRIPCIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: S. XIX-XX

PROPIETARIO: Diocese de Santiago de Compostela

USO ACTUAL: Litúrxico, devocionario

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular. As obras desafortunadas dos anos 60 desvirtuaron o templo

DESCRIPCIÓN: Edificio de planta de salón cunha bóveda de canón corrida enteiramente de formigón. Muros portantes de cachotería á vista e cuberta a dúas augas con cubrición de tella plana. As obras levadas a cabo nos anos 60 do século XX borraron a maior parte dos vestixios arquitectónicos dos séculos XVIII e XIX. A fachada presenta un esquema pentagonal cun eixe vertical central onde se superpoñen a porta alintelada, unha ventá rectangular e unha sinxela espadana, co estrutura pétrea á vista, dun só corpo, con tres machóns e dous arcos de medio punto, coroados por dous pináculos e un arquiño de medio punto.

NOME: Igrexa parroquial de Santa María de Gándara

LUGAR: Gándara

PARROQUIA: Santa María de Gándara

CÓDIGO DO ELEMENTO:

1-6


CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural

CALIFICACIÓN: Sistema Local de Equipamento

GRAO DE PROTECCIÓN: Estructural

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-8



ADSCRIPCIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura relixiosa

ADSCRIPCIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: S. XIX-XX

PROPIETARIO: Diocese de Santiago de Compostela

USO ACTUAL: Litúrxico, devocionario

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular. As obras desafortunadas dos anos 60 desvirtuaron a templo

DESCRICIÓN: Edificio con planta de salón, presbiterio máis nave principal, con muros portantes de cantería. Adosada ó muro norte do presbiterio a sancristía, e ó primeiro tramo da nave, formando un falso cruceiro, dúas capelas. A cuberta está resolta a dúas augas na nave principal e presbiterio, e a tres nas capelas laterais e na sancristía, todas elas con cubrición de tella curva. A fachada é a parte máis interesante do templo, enteiramente construída en cantería, de esquema clásico pentagonal, cun eixe vertical onde se superpoñen, a portada románica cunha dobre arcada de medio punto, unha ventá rectangular e unha espadana de dous corpos: o primeiro asentado directamente sobre a parte central do panel da fachada, composto por tres machóns e dous arcos de medio punto, cunha molduración movida que nos leva ó segundo corpo, con dous machóns e un arco de medio punto, flanqueado todo por cadanseus conxuntos decorativos de voluta + pináculo e coroado por un arquillo máis pináculos.

NOME: Igrexa parroquial de Santa María de Lamas

LUGAR: Lamas

PARROQUIA: Santa María de Lamas

CÓDIGO DO ELEMENTO:

1-7

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural

CALIFICACIÓN: Sistema Local de Equipamento

GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-7



ADSCRIPCIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura relixiosa

ADSCRIPCIÓN CULTURAL: Derradeiro Gótico galego-
Barroco

CRONOLOXÍA: S. 2/3 XVI-XVIII-XIX

PROPIETARIO: Diocese de Santiago de Compostela

USO ACTUAL: Litúrxico, devocionario

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular, humidades

DESCRICIÓN: Edificio con planta de salón, nave rectangular e ábsida cuadrangular, adosada a esta atópase a sacristía. Os muros son portantes de cachotería e cantería á vista. Con cuberta a tres augas con cubrición de tella curva. A parte máis antiga é a ábsida, a súa bóveda responde ás características do gótico borgoñón, con decoración nas claves de motivos xa propios do Renacemento. A fachada de cantería presenta un esquema pentagonal onde se superpoñen unha porta alintelada, unha fornella que acolle a imaxe da Virxe, unha xanela rectangular e a espadana. Os esquinais do frontispicio serven de base para dúas imaxes pétreas. A espadana presenta un corpo con tres machóns e dous arcos de medio punto, sobre unha base moldurada con decoración do barroco de placas. Coroa o conxunto un elemento triangular cun arquiño e un pináculo enriba.

NOME: Igrexa parroquial de Santiago de Loroño

LUGAR: Loroño

PARROQUIA: Santiago de Loroño

CÓDIGO DO ELEMENTO:

1-8


CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural

CALIFICACIÓN: Sistema Local de Equipamento

GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-12



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Arquitectura relixiosa

ADSCRIPCIÓN CULTURAL: Barracó

CRONOLOXÍA: S XVIII

PROPIETARIO: Diocese de Santiago de Compostela

USO ACTUAL: Litúrxico, devocionario

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular, humidades

DESCRICIÓN: Edificio con planta de salón e muros portantes de cachotería enfusada, agás na fachada e nos tramos laterais finais da nave que son de cantería. Adosados pola cabeceira a sancristía e no primeiro tramo da nave, formando un falso cruceiro, dúas capelas. A cuberta está resolta a dúas augas na nave principal e a tres nas capelas laterais, todas elas con cubrición de tella curva. A fachada é a parte máis interesante do templo, enteiramente construída en cantería, de esquema clásico pentagonal, cun eixe vertical onde se superpoñen, a porta alintelada, unha fornella que acolle unha imaxe pétrea, unha ventá rectangular e unha espadana dun só corpo, composto por tres machóns e dous arcos de medio punto sobre unha base moldurada. Por riba deste corpo un elemento triangular cun arquíño e un pináculo.

NOME: Igrexa parroquial de Santa María de Mira

LUGAR: Mira

PARROQUIA: Santa María de Mira

CÓDIGO DO ELEMENTO:

1-9

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Rústico de Protección Agrícola

CALIFICACIÓN: Sistema Local de Equipamento

GRAO DE PROTECCIÓN: Estructural

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-10



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Arquitectura relixiosa

ADSCRIPCIÓN CULTURAL: Barroco-Eclecticismo

CRONOLOXÍA: S. XVIII-XIX-XX

PROPIETARIO: Diocese de Santiago de Compostela

USO ACTUAL: Litúrxico, devocionario

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular

DESCRICIÓN: Edificio con planta de salón, cunha ábsida poligonal de cinco lados, reforzada por cinco contrafortes e unha nave rectangular. Adosada ó muro norte da cabeceira a sancristía e ó primeiro tramo da nave, formando un falso cruceiro, dúas capelas cuadrangulares. Os muros portantes son de cochotería á vista na ábsida, enlucados nas capelas e na nave, sendo de cantería a fachada. A cuberta está resolta a dúas augas (nave), tres (capelas e sancristía) e cinco (ábsida) con cubrición de tella curva. A fachada de cantería está composta co esquema clásico pentagonal, cun eixe vertical onde se superpoñen, a porta alintelada, unha fiestra rematada nun arquifo de medio punto, un óculo e unha espadana dun só corpo, asentado sobre a parte central do panel da fachada, composto por tres machóns e dous arcos de medio punto. Por riba deste corpo un elemento triangular cun arquifo e pináculos.

NOME: Capela de San Pedro de Follente

LUGAR: Follente

PARROQUIA: Santa María de Mira

CÓDIGO DO ELEMENTO:

1-10

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural

CALIFICACIÓN:

GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-10



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Arquitectura relixiosa

ADSCRIPCIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: S. XVIII-XIX

PROPIETARIO: Diócese de Santiago de Compostela

USO ACTUAL: Litúrxico, devocionario

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular

DESCRIPCIÓN: Edificio con planta de salón con muros portantes de cachotería enfusada, agás a fachada de cantería, adosada ó muro norte da cabeceira atópase a sancristía. A cuberta é a dúas augas no corpo principal, e a tres na sancristía, con cubrición de tella curva. A fachada responde a un esquema pentagonal onde se superpoñen unha porta alintelada, unha xanela rectangular e unha espadana dun só corpo, composta de dous machóns e un arco de medio punto, coroados por un elemento triangular rematado nunha cruz pétrea e dous pináculos.

NOME: Capela de San Roque do Monte

LUGAR: San Roque do Monte

PARROQUIA: Santa María de Mira

CÓDIGO DO ELEMENTO:

1-11

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Rústico de Protección Forestal

CALIFICACIÓN: Sistema Local de Equipamento

GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-10



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Arquitectura relixiosa

ADSCRIPCIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: Oríxes no S. XVI

PROPIETARIO:

USO ACTUAL: Devocionario

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN: Sinxelo edificio con planta de salón, muros portantes de cachotería enfuscada e cuberta a dúas augas con cubrición de tella curva. O presbiterio é de maior anchura que a nave, na cabeceira ten adosada a sancristía. No exterior do muro sur do presbiterio ten adosado un pórtico aberto. A fachada é tamén de feitura moi simple, de esquema pentagonal onde se superpoñen a porta de entrada alintelada (cunha cruz de Malta inscrita no lintel) e unha espadana asentada sobre a parte central do plano de fachada, dun só corpo formado por dous machóns e un arco de medio punto, remata o conxunto un frontón triangular.

NOME: Igrexa parroquial de San Tirso de Muíño

LUGAR: Muíño

PARROQUIA: San Tirso de Muíño

CÓDIGO DO ELEMENTO:

1-12

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural de Expansión

CALIFICACIÓN: Sistema Local de Equipamento

GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-16



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Arquitectura relixiosa

ADSCRIPCIÓN CULTURAL: Orixe gótica, Ecléctico

CRONOLOXÍA: S. XVI-XIX

PROPIETARIO: Diocese de Santiago de Compostela

USO ACTUAL: Litúrxico, devocionario

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular, humidades

DESCRICIÓN: Edificio con planta de salón (nave principal dividida en tres tramas máis ábsida cuadrangular) con muros de cachotería enfusados e cantería á vista. No muro norte da cabeceira atópase acoroadada a soncristía. A cuberta está resolta a dúas augas con cubrición de tella curva. A fachada presenta un esquema pentagonal onde se superpoñen unha porta alintelada, unha xanela rectangular e unha espadana que se asenta sobre unha cornixa da planta central da fachada, dun só corpo formado por tres machóns e dous arcos de medio punto, coroa o conxunto un arquiño de medio punto con dous pináculos rematado por unha cruz pétrea.

NOME: Ermida de Santa Margarida

LUGAR: A Santa

PARROQUIA: San Tirso de Muíño

CÓDIGO DO ELEMENTO:

1-13


CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Rústico de Protección Forestal

CALIFICACIÓN: Sistema Local de Equipamento

GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-17



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Arquitectura relixiosa

ADSCRIPCIÓN CULTURAL: Barroco

CRONOLOXÍA: S XVIII-XIX

PROPIETARIO:

USO ACTUAL: Devocionario

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular

DESCRICIÓN: Edificio con planta de salón, con muros portantes de cachotería e cantería (fachada). A cuberta está resolta a dúas augas (nave) e a catra (presbiterio) con cubrición de tella curva. No alzado destácase en altura o presbiterio. A fachada presenta un esquema pentagonal onde se superpoñen unha porta alintelada, unha fermosa pedra de armas na que se ven as follas de figueira dos Figueras e a cabeza de lobo dos Moscoso entre outros, e unha espadana que se asenta sobre a cornixa do plano central da fachada, dun só corpo, formado por dous mochóns e un arco de medio punto, rematado por un elemento triangular cunha cruz. Os esquinais do frontispicio serven de base para dous pináculos, ó igual que as 4 esquinas da cuberta do presbiterio.

NOME: Igrexa parroquial de San Cremenzo de Pazos

LUGAR: San Cremenzo de Pazos

PARROQUIA: San Cremenzo de Pazos

CÓDIGO DO ELEMENTO:

1-14

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural

CALIFICACIÓN: Sistema Local de Equipamento

GRAO DE PROTECCIÓN: Estructural

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-4



ADSCRIPCIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura relixiosa

ADSCRIPCIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: S. XVIII-XIX

PROPIETARIO: Diocese de Santiago de Compostela

USO ACTUAL: Litúrxico, devocionario

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular, humidades

DESCRICIÓN: Edificio con planta de salón, cabeceira cadrada e nave rectangular, con muros portantes de cachotería enfoscada e cuberto a tres augas con cubrición de tello curva. Adosada ó muro norte da cabeceira atópase a sancristía. A fachada presenta un esquema pentagonal onde se superpoñen a porta principal de medio punto, unha ventá rectangular e unha espadana de formigón dun só corpo composto por tres machóns e dous arcos de medio punto, rematando o conxunto, un elemento triangular cun oco en forma de cruz e dous pináculos.

NOME: Igrexa nova de Santa María de Baio

LUGAR: Campo do Rollo

PARROQUIA: Santa María de Baio

CÓDIGO DO ELEMENTO:

1-15

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano

CALIFICACIÓN: Sistema Local de Equipamento

GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-3



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Arquitectura relixiosa

ADSCRIPCIÓN CULTURAL: Historicista
Autor: José Luís Fdez de Amo López Gil
CRONOLOXÍA: 1.982-1985

PROPIETARIO: Diocese de Santiago de Compostela

USO ACTUAL: Litúrxico, devocionario

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRIPCIÓN: Edificio de planta de salón cunha nave case cuadrangular e un presbiterio de forma hexagonal integrado na propia nave. No interior, nave e presbiterio cúbrense cunha cimbra de formigón armado. O muro testeiro divídese en tres tramos separados por tirantes que recorren o muro de arriba a abaixo (serven de asento ás traves que conforman as cimbras), e en catro tramos, cos mesmos elementos, divídense os muros laterais. O muro oeste de forma pentagonal tamén se dividiu en tres tramos, no seu tramo central atópase a porta principal, alintelada, e sobre ela un gran rosetón policromo. A cuberta está resolta a dúas augas que na cabeceira se converten en tres. Na esquina noroeste da fachada erguese unha esquemática espadana angular.

NOME: Igrexa parroquial de San Martiño de Meanos

LUGAR: San Martín

PARROQUIA: San Martín de Meanos

CÓDIGO DO ELEMENTO:

1-16

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural

CALIFICACIÓN: Sistema Local de Equipamento

GRAO DE PROTECCIÓN: Estructural

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-15



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Arquitectura religiosa

ADSCRIPCIÓN CULTURAL: Barroco

CRONOLOGIA: S. XVIII–XIX

PROPIETARIO: Diocese de Santiago de Compostela

USO ACTUAL: Litúrgico, devocionario

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN: Edificio con planta de salón, muros portantes de cachotería e cantería na fachada. A cuberta está resolta a tres augas con cubrición de tella curva. En planta distínguense no eixo longitudinal: unha nave rectangular, presbiterio e sancristía. Acroada no muro norte atópase unha capela onde se venera a imaxe do Cristo Crucificado. No plano da fachada, de esquema pentagonal, destácase unha torre campanario onde se superpoñen un nártice na súa parte inferior, ó que se accede por un arco de medio punto; unha ventá cadrada e unha farnela coa imaxe de San Martiño, inscrita nun arco de medio punto de placas. Por riba o corpo de campos, de planta cadrada, composto por catro mechóns e que serve de base ó tambor colado que sostén a cúpula.

NOME: Capela de Edreiras
LUGAR: Pazo de Edreiras
PARROQUIA: San Martiño de Meas

CÓDIGO DO ELEMENTO:

1-17


CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Rústico de Protección Agrícola

CALIFICACIÓN:

GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-12



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Arquitectura relixiosa

ADSCRIPCIÓN CULTURAL: Barroco

CRONOLOXÍA: S XVIII

PROPIETARIO: R. Blanco Raxoi e Martínez Reboredo

USO ACTUAL: Devocionario, privado

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRIPCIÓN: Edificio anexo ó pazo do mesmo nome, de planta rectangular, muros portantes de cachotería e cuberta a dúas augas con cubrición de tella curva. Do seu volume prismático destácase unha espadano formado por un plinto moldurado, sobre o que aparecen dous piares de cantería, coroados con molduras rematados en volutas. Unha sinxela estrutura metélica serve de apoio á campá.

NOME: Igrexa parroquial de Santa Sía de Roma

LUGAR: Santa Sía de Roma

PARROQUIA: Santa Sía de Roma

CÓDIGO DO ELEMENTO:

1-18

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural

CALIFICACIÓN: Sistema Local de Equipamento

GRAO DE PROTECCIÓN: Estructural

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-14



ADSCRIPCIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura relixiosa

ADSCRIPCIÓN CULTURAL: Eclético

CRONOLOXÍA: S. XX

PROPIETARIO: Diocese de Santiago de Compostela

USO ACTUAL: Litúrxico, devocionario

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular, humidades

DESCRICIÓN: Edificio de planta de salón, muros portantes de cachotería enfuscada e cantería, e cuberta a tres augas con cubrición de tella curva. En planta distínguense: unha nave de dous tramos, presbiterio e sancristía acoroadas ó muro norte. No interior destaca a bóveda de canón da capela maior ou presbiterio, de cantería á vista. A fachada é a parte máis interesante do templo, enteiramente construída en cantería, de esquema clásico pentagonal, cun eixe vertical onde se superpoñen, a porta alintelada, unha fiestra rectangular, un óculo e a torre campanario sobre a parte central do panel da fachada, en forma de base cadrada moldurada que recibe o corpo de campás, de planta cadrada, composto por catro machóns e que serve de base ó tambor calado que sostén a cúpula.

NOME: Igrexa parroquial de Santo Adrián de Castro

LUGAR: Castro

PARROQUIA: Santo Adrián de Castro

CÓDIGO DO ELEMENTO:

1-19

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural

CALIFICACIÓN: Sistema Local de Equipamento

GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-12



ADSCRIPCIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura relixiosa

ADSCRIPCIÓN CULTURAL: Eclético

CRONOLOXÍA: Finais do S XVIII

PROPIETARIO: Diocese de Santiago de Compostela

USO ACTUAL: Litúrxico, devocionario

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular

DESCRICIÓN: Edificio con planta de salón con muros portantes de cachotería enlucada e cantería. A cuberta está resolta a dúas augas con cubrición de tella curva. En planta distinguimos: unha nave rectangular dividida en tres tramos e un presbiterio cuadrangular co sancristía acoroadada no seu muro leste. No interior destaca a ábsida de cantería e os tres tramos da nave con cadansúa bóveda de aresta. A fachada presenta un esquema pentagonal onde se superpoñen a porta principal alintelada, unha ventá lobulada formada por seis lóbulos mixtilíneos e no vértice unha cruz de pedra. No lado norte da fachada destaca unha torre campanario formado no primeiro tramo por un corpo cúbico metido na vertente norte do muro e rematado por unha cornixa moldurada. O corpo das campás está composto por catro piares con catro arcos de medio punto lixeiramente peraltados. A torre coróase cunha cupuliña formada por un tambor octogonal opaco e un domo rematado por un acróterio con bola, sobre o que se colocou unha cruz de ferro.

NOME: Ermida de San Xosé
LUGAR: Ríol de Arriba
PARROQUIA: San Martiño de Meanos

CÓDIGO DO ELEMENTO:

1-20

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural
CALIFICACIÓN: Sistema local de Equipamento
GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-15



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Arquitectura relixiosa

ADSCRIPCIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA:

PROPIETARIO:

USO ACTUAL: Devocionario

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular

DESCRICIÓN: Edificio de planta rectangular, muros portantes de cachotería á vista e cuberta a dúas augas con cubrición de tella curva. Sinxelo exemplo de ermida rural de volumetría cúbica e limpa da que só se destaca, na súa fachada pentagonal, unha pequena espadana de formigón dun corpo, rematada por un frontonciño triangular.

NOME: Igrexa parroquial de San Pedro de Vilar

LUGAR: Vilar

PARROQUIA: San Pedro de Vilar

CÓDIGO DO ELEMENTO:

1-21

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural

CALIFICACIÓN: Sistema Local de Equipamento

GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-9



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Arquitectura relixiosa

ADSCRIPCIÓN CULTURAL: Barroco

CRONOLOXÍA: S XVIII

PROPIETARIO: Diocese de Santiago de Compostela

USO ACTUAL: Litúrxico, devocionario

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular, humidades

DESCRICIÓN: Edificio con planta de salón con muros portantes de cachotería enfoscada e cantería. A cuberta está resolta a dúas augas (nave e sancristía) e a catro o presbiterio, con cubrición de tella curva. En planta distinguimos: unha nave rectangular e un presbiterio cuadrangular co sancristía acaroada no seu muro leste. No interior destaca a bóveda do presbiterio de canón feita en cantería. A fachada presenta un esquema pentagonal cun eixe vertical central, onde se superpoñen a porta alintelada, unha fornella co imaxe pétrea de San Pedro, nos extremos do frontispicio sobre as cornixas alópanse dous pináculos, e, sobre o ápice do hastial, unha espadana dun só corpo, con tres machóns e dous arcos de medio punto con balaústres pétreos, coroados por dous pináculos e un arquíño de medio punto.

NOME: Igrexa parroquial de Santo André de Zas

LUGAR: Zas

PARROQUIA: Santo André de Zas

CÓDIGO DO ELEMENTO:

1-22


CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano

CALIFICACIÓN: Sistema Local de Equipamento

GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-10



ADSCRIPCIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura relixiosa

ADSCRIPCIÓN CULTURAL: Gótico tardío-Barroco

CRONOLOXÍA: S XVI-XVII-XVIII-XIX

PROPIETARIO: Diocese de Santiago de Compostela

USO ACTUAL: Litúrxico, devocionario

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular, humidades

DESCRICIÓN: Edificio con planto de salón con muros portantes de cantería, e cubertas a dúos auges (nave), catro (presbiterio), tres (capela muro norte) e unha (sancristía). En planta distinguimos: nave, presbiterio, e sobre o muro norte, sancristía e capela da Virxe do Carme. No interior destaca o arco apuntado do presbiterio (nos alicerces dos seus muros están incrustados os sarregos pétreos do fundador do templo: Álvaro Núñez de Lamas e o da súa nai). A fachada presenta un esquema pentagonal onde se superpoñen: a porta principal rematada nun arco de media punto profundo, unha ventá rectangular, un azulexo e unha torre camponaria. Os esquinais do frontispicio rematan en dous acroterios. No ángulo superior dereito aparece a pedra de armas dos Lamas. A torre componse de dous corpos e un tambor rematado en cúpula, asentados sobre unha base cúbica que se introduce no panel da fachada.

NOME: Cruceiro do Allo
LUGAR: Allo
PARROQUIA: San Pedro do Allo

CÓDIGO DO ELEMENTO:

2-1

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Rústico de Protección Ordinaria
CALIFICACIÓN: Sistema Local de Equipamento
GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-2



ADSCRIPCIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura dos camiños

ADSCRIPCIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: S. XVII?

PROPIETARIO:

USO ACTUAL:

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular

DESCRICIÓN: Cruceiro construído en granito, asentado nun pedestal cuadrangular do que arranca un varal de sección octogonal, que comeza e remata cadrado cun capitel cúbico moldurado. Encima aséntase a cruz, de sección octogonal. Este cruceiro está relacionado co Pazo e a Igrexa de Torres do Allo.

NOME: Cruceiro en cruce AC-430 – Estrada de Arriba

LUGAR: Baio pequeno

PARROQUIA: Santa María de Baio

CÓDIGO DO ELEMENTO:

2-4


CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano

CALIFICACIÓN: Sistema Local de Espazo Libre

GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-3



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Arquitectura dos camiños

ADSCRIPCIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: S. XX

PROPIETARIO:

USO ACTUAL: Devocionario

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRIPCIÓN: Cruceiro construído en granito, con plataforma cuadrangular de 4 chanzos con pousadoiro, sobre a que se asenta un pedestal tamén cuadrangular con paramentos recadrados e rematado cun bocel e mediocana, da que arranca un varal octogonal que comeza e remata cadrado. Capitel corintio de formigón, con cabezas de anxo aladas. Encima aséntase a cruz, de formigón, sección octogonal, con Cristo crucificado con 3 cravos no anverso, mans pechadas, cabeza inclinada á dereita, coroa de espiñas, pano de pureza anoadado á dereita e cartela INRI de pergamiflo. No reverso unha virxe orante cos dedos entrelazados.

NOME: Cruceiro en Baio Pequeno

LUGAR: Baio Pequeno

PARROQUIA: Santa Moría de Baio

CÓDIGO DO ELEMENTO:

2-6

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano

CALIFICACIÓN: Sistema Xeral Vario

GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-3



ADSCRIPCIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura dos camiños

ADSCRIPCIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: Ano 1.886

PROPIETARIO:

USO ACTUAL: Devocionario

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN: Cruceiro construído en granito, asentado nun pedestal cuadrangular con inscricións, rematado en mediocanas, do que arranca un varal de sección circular cun reloxo de sol e capitel cilíndrico moldurado. Encima aséntase a cruz, de sección cuadrangular, recrucetada con remates florenzados, con Cristo crucificado con 3 cravos no anverso, mans abertas, cabeza ergueita, sen coroa e pano de pureza sen nós. No reversa non ten imaxe.

NOME: Cruceiro no Campo do Rollo

LUGAR: Campo do Rollo

PARROQUIA: Santa María de Baio

CÓDIGO DO ELEMENTO:

2-7


CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano

CALIFICACIÓN: Sistema Local de Espazo Libre

GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-3



ADSCRIPCIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura dos camiños

ADSCRIPCIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA:

PROPIETARIO:

USO ACTUAL: Devocionario

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN: Cruceiro construído en granito, asentado nun pedestal formado por unha peza ruda, sen labrar da que arranca un varal de sección circular cun capitel cilíndrico. Encima aséntase a cruz, de sección circular.

NOME: Cruceiro en A Gris
LUGAR: Brandoñas
PARROQUIA: Santa María de Brandoñas

CÓDIGO DO ELEMENTO:

2-12

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural
CALIFICACIÓN: Sistema Local de Espazo Libre
GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-18



ADSCRIPCIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura dos camiños

ADSCRIPCIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA:

PROPIETARIO:

USO ACTUAL: Devocionario

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Malo. Forte erosión

DESCRICIÓN: Cruceiro construído en granito, con plataforma octogonal de 4 chanzos sobre a que se asenta un pedestal tamén octogonal do que arranca un varal octogonal que comeza cadrado. O capitel é octogonal moldurado e figurado. Encima aséntase a cruz, de sección circular con remates de círculo, con Cristo crucificado con 3 cravos no anverso, mans abertas, cabeza para diante, coroa de espiñas, pano de pureza sen nós e cartela *INRI*. No reverso unha inmaculada, coroada, coa lúa ós pés e sobre peño dun querubín.

NOME: Cruceiro da Rapada
LUGAR: Pedramaior
PARROQUIA: Santiago de Carreira

CÓDIGO DO ELEMENTO:

2-16

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Rústico de Protección Ordinaria
CALIFICACIÓN: Sistema Local de Espazo Libre
GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-10



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Arquitectura dos camiños

ADSCRIPCIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA:

PROPIETARIO:

USO ACTUAL: Devocionario

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Molo. Plataforma en mal estado.

DESCRIPCIÓN: Cruceiro tipo cruz, construído en granito, asentado nunha plataforma ruda sen labrar, cun pedestal circular, do que arranca a cruz de sección octagonal que comeza cadrada.

NOME: Cruceiro do Adro
LUGAR: Lamas
PARROQUIA: Santa María de Lamas


CÓDIGO DO ELEMENTO:

2-21

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural
CALIFICACIÓN: Sistema Local de Equipamento
GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-7



ADSCRIPCIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura dos camiños

ADSCRIPCIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA:

PROPIETARIO:

USO ACTUAL: Devocionario

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Erosionado

DESCRIPCIÓN: Cruceiro construído en granito, con plataforma cuadrangular de 2 chanzos con pousadoiro, sobre a que se asenta un pedestal tamén cuadrangular con gorgueiro, do que arranca un varal octogonal que comezo e remata cadrado. O capitel é cuadrangular moldurado e figurado. Encima aséntase a cruz, de sección circular, leñosa con nós, con Cristo crucificado con 3 cravos no anverso, mans pechadas, cabeza para diante, coroa de espiñas, pano de pureza suxeito cunha corda e cartela *INRI*. No reverso Virxe orante sobre nubes e cos brazos en cruz

NOME: Cruceiro en Andragalla
LUGAR: Andragalla
PARROQUIA: Santa María de Lamas

CÓDIGO DO ELEMENTO:

2-22

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural
CALIFICACIÓN: Sistema Local Vario
GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-7



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Arquitectura dos camiños

ADSCRIPCIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA:

PROPIETARIO:

USO ACTUAL: Devocionario

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Erosionado

DESCRIPCIÓN: Cruceiro construído en granito, con plataforma cuadrangular de 2 chanzos con pousadoiro, sobre a que se asenta un pedestal tamén cuadrangular con gorgueira, do que arranca un varal octogonal que comeza e remata cadrado. O capitel é cuadrangular moldurado e figurado. Encima aséntase a cruz, de sección circular, leñosa con nós, con Cristo crucificado con 3 cravos no anverso, mans pechadas, cabeza para diante, coroa de espiños, pano de pureza suxeito cunha corda e cartela /NRI/. No reverso Virxe orante sobre nubes e cos brazos en cruz.

NOME: Cruceiro en Campo da Festa

LUGAR: Lamas

PARROQUIA: Santa María de Lamas

CÓDIGO DO ELEMENTO:

2-23

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Rústico de Protección Ordinaria

CALIFICACIÓN: Sistema Local de Espazo Libre

GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-7



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Arquitectura dos camiños

ADSCRIPCIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA:

PROPIETARIO:

USO ACTUAL: Devocionario

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular

DESCRIPCIÓN: Cruceiro construído en granito, con plataforma cuadrangular de 2 chanzos sobre a que se asenta un pedestal, con inscricións, tamén cuadrangular rematado con chafráns, do que arranca un varal de sección circular que comeza cadrado, con caras e símbolos da Paixón, cun capitel truncocónico invertido moldurado. Encima aséntase a cruz, de sección octogonal, con remates florenzados.

NOME: Cruceiro en Romelle

LUGAR: Romelle

PARROQUIA: Santiago de Loroño

CÓDIGO DO ELEMENTO:

2-24


CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Rústico de Protección Agrícola

CALIFICACIÓN: Sistema Xeral Viario

GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-12



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Arquitectura dos camiños

ADSCRIPCIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA:

PROPIETARIO:

USO ACTUAL: Devocionario

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular

DESCRIPCIÓN: Cruceiro construído en granito, con plataforma triangular de 3 chanzas sobre a que se asenta un pedestal tamén triangular de dúas pezas, a superior unha base circular lisa, do que arranca un varal troncocónico moi estilizado mercé á súa gran altura. O capitel é troncopiramidal invertido. Encima aséntase a cruz, de sección circular, leñosa con nós, remates florenzados e botón central, con Cristo crucificado con 3 cravos na anversa, mans abertas, cabeza inclinada á dereita, coroa de espiños e pano de pureza anoadado á dereita. No reverso é a virxe co neno, coroada e sobre peaña de 3 querubíns.

NOME: Cruceiro en Follente

LUGAR: Follente

PARROQUIA: Santa María de Mira

CÓDIGO DO ELEMENTO:

2-29

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural

CALIFICACIÓN: Sistema Local Vario

GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-10



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Arquitectura dos camiños

ADSCRIPCIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: S. XVI-XVII

PROPIETARIO:

USO ACTUAL: Litúrxico, devocionario

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRIPCIÓN: Cruceiro construído en granito, con plataforma cuadrangular de 2 chanzos sobre a que se asenta un pedestal cuadrangular con pousadoiro, do que arranca un voral de sección octogonal que comeza cadrado, cun capitel cuadrangular moldurado con cuarto bocel e mediacona. Encima aséntase a cruz, de sección octogonal, con remates florenzados e botón central.

NOME: Cruceiro da Torre
LUGAR: Couto
PARROQUIA: San Tirso de Muíño


CÓDIGO DO ELEMENTO:

2-32

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural
CALIFICACIÓN: Sistema Local Viario
GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-10



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Arquitectura dos camiños

ADSCRIPCIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA:

PROPIETARIO:

USO ACTUAL: Devocionario

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Mala, moi erosionado

DESCRIPCIÓN: Cruceiro construído en granito, con plataforma cuadrangular de 5 chanzos con pausadoiro, sobre a que se asenta un pedestal tamén cuadrangular rematado en chafróns, do que arranca un varel octogonal que comeza cadrado. O capitel é cuadrangular moldurado e figurado. Encima aséntase a cruz, de sección cadrada cos brazos achafranados, con Cristo crucificado con 3 cravos no anverso, mans abertas, cabeza ergueita, coroa de espiñas, pano de pureza sen nós e anxo coroándoo a modo de dosel. No reverso unha inmaculada, coroada por anxos, coa lúa ós pés e sobre peaña dun querubín.

NOME: Cruceiro do Igrexario

LUGAR: Vilar

PARROQUIA: Vilar

CÓDIGO DO ELEMENTO:

2-51


CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural

CALIFICACIÓN: Sistema Local Viario

GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-9



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Arquitectura dos camiños

ADSCRIPCIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA:

PROPIETARIO:

USO ACTUAL: Devocionario

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRIPCIÓN: Cruceiro construído en granito, con plataforma cuadrangular de 3 chanzos sobre a que se asenta un pedestal, con inscricións, tamén cuadrangular rematado con chafróns, do que arranca un varal de sección circular que comeza cadrado, cun capitel cuadrangular con mediacana. Encima aséntase a cruz, de sección octogonal, con remates florenzados e botón central.

NOME: Casa reitoral de Gándara

LUGAR: Gándara

PARROQUIA: Santa María de Gándara

CÓDIGO DO ELEMENTO:

3-1

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural

CALIFICACIÓN: Ordenanza NR-1

GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-8



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Casa reitoral

ADSCRIPCIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA:

PROPIETARIO: Diocese de Santiago de Compostela

USO ACTUAL: Abandonada

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Malo

DESCRIPCIÓN: Edificio de planta rectangular alongada, dúas alturas, muros portantes de cachotería e cuberta a dúas augas con cubrición de tella curva. Na fachada leste destaca a presenza dun patín dobre e outros dous máis pequenos na fachada oeste.

NOME: Casa reitoral de Lamas

LUGAR: Lamas

PARROQUIA: Santa María de Lamas

CÓDIGO DO ELEMENTO:

3-2

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural

CALIFICACIÓN: Ordenanza NR-1

GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-7



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Casa reitoral

ADSCRIPCIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA:

PROPIETARIO: Diocese de Santiago de Compostela

USO ACTUAL: Abandonada

ESTADO DE CONSERVACIÓN: En ruínas

DESCRIPCIÓN: Edificio composto de dous corpos, un con planta rectangular e dúas alturas; e outro con planta trapezoidal e dúas alturas máis baixo cuberta; con muros portantes de cachotería enfuscada e cubertas (derrubadas na súa maior parte) e dúas augas con cubrición de tella curva. Esta situada en fronte da igrexa parroquial e delimita o espazo do adro.

NOME: Casa reitoral de Loroño

LUGAR: Loroño-Forcadenta

PARROQUIA: Santiago de Loroño

CÓDIGO DO ELEMENTO:

3-3

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Rústico de Protección Forestal

CALIFICACIÓN:

GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-12



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Casa reitoral

ADSCRIPCIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: Ano 1.833

PROPIETARIO: Diocese de Santiago de Compostela

USO ACTUAL: Abandonada

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Ruína

DESCRIPCIÓN: Edificio con muros portantes de cachotería á vista, totalmente arruinado e invadido pola maleza. No seu entorno atópanse un hórreo tipo Fisterra, cunha cámara longa e estreita cerrada de xeito continuado con gradas horizontais de laxes de pedra irregulares. Está asentado sobre seis pares de esveltos pés troncocónicos, sobre base de cachotería, que lle confiren unha sensación de inestabilidade pola súa forma afusada. Os pés rematan en tornarratos circulares ca parte superior convexa. A cuberta está resolta a dúas augas con cubrición de tella curva, carece de lampión e cruz.

NOME: Casa reitoral de Mira
LUGAR: Mira
PARROQUIA: Santa María de Mira

CÓDIGO DO ELEMENTO:

3-4

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Rústico de Protección Agrícola

CALIFICACIÓN:

GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-10



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Casa reitoral

ADSCRIPCIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: Ana 1958

PROPIETARIO: Diocese de Santiago de Compostela

USO ACTUAL: Abandonada

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular

DESCRICIÓN: Edificio de planta rectangular, dúas alturas máis baixocuberta, con disposición irregular dos vans, muros portantes enfoscados e pintados, agás os peitorís que son de cantería, e cuberta a dúas augas. Cabe salientar a súa volumetría cúbica e austera. No seu entorno alópanse varios alpendres.

NOME: Casa reitoral de Meanos

LUGAR: Meanos

PARROQUIA: San Martiño de Meanos

CÓDIGO DO ELEMENTO:

3-5

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural

CALIFICACIÓN: Ordenanza NR-1

GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-15



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Casa reitoral

ADSCRIPCIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: S XVIII-XIX

PROPIETARIO: Diocese de Santiago de Compostela

USO ACTUAL: Vivenda parroquial

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRIPCIÓN: Edificio de planta case cuadrangular, dúas alturas e muros portantes de cochotería á vista, agás en esquinas e nos peitorís dos vans, de disposición irregular. A cuberta está resolta a catro augas con cubrición de tella curva. Un valo de cochotería delimita a parcela, no que cabe salienta-lo arco alintelado da entrada rematado cun elemento triangular coroado por unha cruz pétrea. A actual rehabilitación do conxunto da Casa reitoral cambiou totalmente a planta e volumetría do edificio orixinal, con planta en forma de L e de maiores dimensións.

NOME: Casa reitoral de Zas

LUGAR: Zas

PARROQUIA: Santa André de Zas

CÓDIGO DO ELEMENTO:

3-6

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano

CALIFICACIÓN: Ordenanza SU-4a

GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-10



ADSCRIPCIÓN TIPOLÓXICA: Casa reitoral

ADSCRIPCIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: S. XX

PROPIETARIO: Diocese de Santiago de Compostela

USO ACTUAL: Vivenda parroquial

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular

DESCRIPCIÓN: Edificio de planta rectangular composto por dous corpos diferenciados en alzada e planta. Un corpo de maior superficie en planta, alongado, con muros portantes recibados e pintados, unha altura e cuberta a dúas augas con cubrición de fibrocemento; que recibe nunha das cabeceiras un corpo transversal con muros portantes recibados e pintados, dúas alturas e cuberta a catro augas con cubrición de tella curva, que se dispón como fachada principal

NOME: Casa reitoral de San Tirso de Muíño

LUGAR: O Vilar

PARROQUIA: San Tirso de Muíño

CÓDIGO DO ELEMENTO:

3-7

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural

CALIFICACIÓN: Ordenanza NR-1

GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-16



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Casa reitoral

ADSCRIPCIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: S. XVIII-XIX

PROPIETARIO: Diocese de Santiago de Compostela

USO ACTUAL: Abandonada

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Ruínas

DESCRIPCIÓN: Edificio de planta rectangular, dúas alturas con muros portantes de cachotería á vista, agás nos esquinais que son de cantería. A cuberta está resolta a dúas augas, con cubrición de tella curva. Do volume cúbico destácase un potente balcón voado de cantería sobre canzorros moldurados. Entre a maleza na que se atopa inmerso vese unha pedra de armas timbrada cun helmo. Apegadas a vivenda hai diversas construcións adxectivas.

NOME: Torres do Allo
LUGAR: Allo
PARROQUIA: San Pedro do Allo

CÓDIGO DO ELEMENTO:

4-1

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Rústico de Protección de Patrimonio

CALIFICACIÓN:

GRAO DE PROTECCIÓN: Monumental

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-2



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Arquitectura Pacega

ADSCRIPCIÓN CULTURAL: Renacemento

CRONOLOXÍA: S. XVI

PROPIETARIO: Deputación Provincial da Coruña

USO ACTUAL: Deshabitado

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo
Restaurado pola Deputación no Plan 2000 de
Recuperación da Arquitectura Popular

DESCRICIÓN: Edificio de corte renacentista, dúas plantas e muros portantes de perpiaños de granito. Un corpo central rectangular con cuberta a dúas augas e cubrición de tella curva, disposto horizontalmente entre dous torreóns cúbicos con cuberta a catro augas. Na fachada destacan características arquitectónicas cincocentistas: as portas da planta baixa de cada torreón resólvense en arcos de medio punto de grandes doelas. A altura do primeiro andar sobresaen interesantes motivos arquitectónicos en torno ás súas ventás: no torreón norte, a súa metade dereita vese ocupada por unha ventá aximezada, de arquiños apuntados, que se cobre cunha tira ó xeito dun alfiz almohade; a metade esquerda é un panel máis longo: unha fiestra rectangular cun balconcillo e encima un escudo, todo encadrado por un gran arco mixtilíneo (escarzono + conopia). O torreón sur amosa unha decoración semellante e ademais destácase do plano vertical da fachada un balcón sostido por canzorros ornados. Nos seus escudos señalearon os Riobó, Coamaño, Seixas, Losada, Figueroa e outros.

NOME: Casa do rico de Xerne

LUGAR: Xerne

PARROQUIA: San Pedro do Allo

CÓDIGO DO ELEMENTO:

4-2


CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural

CALIFICACIÓN: Ordenanza NR-1

GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-4



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Casa grande

ADSCRIPCIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: S. XVI

PROPIETARIO: Manuela Rodríguez Vázquez

USO ACTUAL: En proceso de rehabilitación

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular

DESCRIPCIÓN: Edificio de planta rectangular, dúas alturas, muros portantes de cachotería e cuberta a dúas augas con cubrición de fibrocemento. Presenta adosada na fachada posterior unha construción adxectiva, e outra na principal, coa cuberta a unha auga á altura dos antepeitos do primeiro andar. O edificio orixinal foille engadido un volume vivenda con posterioridade. Esta casa noutroora brasonada coas armas dos Caamaño, Romero e Riaboa, veuse despoxada do seu escudo, que agora atópase no Pazo de Daneiro. Don Martiño de Somoedo foi o construtor desta casa.

NOME: Casa de Labarta Pose
LUGAR: Os carballos da botica
PARROQUIA: Santa María de Baio

CÓDIGO DO ELEMENTO:

4-3

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano
CALIFICACIÓN: Ordenanza SU-5
GRAO DE PROTECCIÓN: Estructural

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-3



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Casa grande

ADSCRIPCIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: S XVIII-XIX

PROPIETARIO:

USO ACTUAL: Vivenda

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRIPCIÓN: Edificio de planta rectangular en orixe que, por mor dun engadido posterior actualmente en ruínas, ten agora planta en forma de L; muros portantes de cachotería á vista. A cuberta está resolta a dúas augas no corpo orixinal e a tres no engadido, con cubrición de tella curva. A disposición dos vanos é irregular atendendo a razóns funcionais. Nos muros destaca a presenza de dous escudos, obsequiados ó poeta de Baio na segunda metade do século XX. A vivenda atópase nunha parcela con xardíns cerrada por un valado de pedra.

NOME: Casa de Lamas
LUGAR: Lamas
PARROQUIA: Santa María de Lamas

CÓDIGO DO ELEMENTO:

4-4

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural
CALIFICACIÓN: Ordenanza NR-1
GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-7



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Casa señorial

ADSCRIPCIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: S XVIII

PROPIETARIO:

USO ACTUAL: Vivendo

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Malo

DESCRIPCIÓN: Recordo da antiga Torre dos Lamas, de planta cadrada e muros portantes de cantería; só queda como testemuña un escudo cos armas dos Lamas, dos Ozores, os Sotomaior e os Castro, nunha vivenda da aldea de Lamas, a chamada casa de Lamas: edificio de planta rectangular alongado, con muros portantes de cachotería e cantería. Do edificio orixinal non queda practicamente nada.

NOME: Pazo de Romelle
LUGAR: Romelle
PARROQUIA: Santiago de Loroña

CÓDIGO DO ELEMENTO:

4-5

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural
CALIFICACIÓN: Ordenanza NR-1
GRAO DE PROTECCIÓN: Integral

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-12



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Arquitectura Patego

ADSCRIPCIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: S. XVI-XVII

PROPIETARIO: Joaquín Romero Osende

USO ACTUAL: Vivenda ocasional

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRIPCIÓN: Edificio de planta rectangular, inscrito nunha gran parcela rodeada dunha muralla ameada e cuns fermosos xardíns de trazos barrocos; con muros portantes de cantería e cochotería á vista. No alzado destaca a torre ameada, con cuberta a catro augas e cubrición de tella curva, apegada a un corpo central, con cuberta a dúas augas, ameado no muro da fachada principal. Outros elementos arquitectónicos salientables son a porta principal con arco carpanel de grosas doelas, unha galería na fachada posterior e un palín de cantería. O pazo ten unha capela en advocación a San Xoán e San Xorxe, que conserva no interior un retablo barroco de pedra. Nos seus muros destaca a presenza de tres escudos coas armas dos Coamaño (o primeiro señor do pazo foi Álvaro de Coamaño), e os Ribadeneira entre outros.

NOME: Pazo de Follente
LUGAR: Follente
PARROQUIA: Santa María de Mira


CÓDIGO DO ELEMENTO:

4-6

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural
CALIFICACIÓN: Ordenanza NR-1
GRAO DE PROTECCIÓN: Integral

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-10



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Arquitectura Pacega

ADSCRIPCIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: S.XVIII

PROPIETARIO: Suárez Vence

USO ACTUAL: Vivenda

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo
Recentemente restaurado

DESCRIPCIÓN: Edificio de planta rectangular alongada, dúas alturas, composición regular dos vans, muros portantes de cachotería á vista e cuberta a catro augas con cubrición de tella curva. Con posterioridade foille engadido un corpo no seu extremo sur. No seu alzado destaca a presenza dunha galería na fachada oeste e un balcón sobre catro canzorros no muro norte, enriba deste un escudo coas armas dos Figueras, Leis e Caamaño entre outros. Un muíño de regato, dunha moa, con muros portantes de cachotería á vista e cuberta a dúas augas con cubrición de tella do país; e un cruceiro (2-29 no listado de patrimonio) completan o conxunto.

NOME: Casa Torre do Muíño

LUGAR: Couto

PARROQUIA: San Tirso de Muíño

CÓDIGO DO ELEMENTO:

4-7

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural

CALIFICACIÓN: Ordenanza NR-1

GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-16



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Arquitectura Patega

ADSCRIPCIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: S. XVI

PROPIETARIO: Xesús Conde Leis

USO ACTUAL: Almacén de apeiros

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Malo

DESCRIPCIÓN: Edificio con planta rectangular, muros portantes de cochotería á vista e cuberta a dúas augas con cubrición de fibrocemento. Volume cúbico retundo e de gran austeridade con moi poucas licencias decorativas: cornixa de cantería sobre pequenos canzorros, algúns con formas antropomorfas. O elemento arquitectónico máis salientable é unha porta oxival con grandes doelos.

NOME: Pazo de Daneiro
LUGAR: Daneiro
PARROQUIA: San Cremenzo de Pazos

CÓDIGO DO ELEMENTO:

4-8

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Rústico de Protección de Patrimonio

CALIFICACIÓN:

GRAO DE PROTECCIÓN: Integral

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-4



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Arquitectura Patega

ADSCRIPCIÓN CULTURAL: Renacemento-Barroco

CRONOLOXÍA: S. XVI-XVII-XVIII

PROPIETARIO: Manuel Varela Uña

USO ACTUAL: Vivenda ocasional

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRIPCIÓN: Edificio de planta rectangular moi alongada, dúas alturas, muros portantes de cachotería enfuscada e á vista, con cantería nas esquinais e nas pezas que conforman os vans. A cuberta está resolta a tres augas con cubrición de tella curva. No alzado destaca unha fachada principal moi rítmica polo efecto dos numerosos vans, e un escudo cos armas dos Figueras, Moscoso, Varela, e Montenegro. O pazo albergou noutrora a capela de San Xoán Bautista, que desapareceu nunha remodelación actual. A esta propiedade chegou o escudo pétreo da casa de Xerme (antiga propiedade dos donos do pazo Daneiro), a venda da casa non incluía nebreza para os novos inquilinos. O conxunto, inscrito nunha finca con xardíns e diversas especies arbóreas, complétase cun pombal de volumetría cilíndrica e cuberta cónica e dous hórreos.

NOME: Pazo das Edreiras
LUGAR: As Edreiras
PARROQUIA: San Martiño de Meados

CÓDIGO DO ELEMENTO:

4-9


CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Rústico de Protección de Patrimonio

CALIFICACIÓN:

GRAO DE PROTECCIÓN: Integral

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-12



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Arquitectura Pacega

ADSCRIPCIÓN CULTURAL: Barroco

CRONOLOXÍA: S XVIII

PROPIETARIO: R. Blanco-Raxoi e Martínez-Reboredo

USO ACTUAL: Vivenda ocasional

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRIPCIÓN: Unha torre cúbica de planta cuadrangular con muros portantes de cachotería á vista, tres alturas e cuberta a catro augas con cubrición de tella curva, á que se lle engadiu no lado sur un corpo rectangular de dúas alturas e cuberta a dúas augas; e no lado oeste unha capela (ver plano). O conxunto forma agora unha planta articulada en L, que embutiu o núcleo primitivo. No seu alzado destaca a solaina de cantería do corpo rectangular á que se accede por medio dun patín lonxitudinal. Na parte exterior destaca a sobriedade dos paramentos animados polo ritmo repetitivo dos vans. O conxunto, inscrito nunha finca con xardíns e arbores froiteiras, complétase cun pombal e un hórreo.

NOME: Pazo do Cruceiro
LUGAR: Zas
PARROQUIA: Santa André de Zas


CÓDIGO DO ELEMENTO:

4-10

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano
CALIFICACIÓN: Ordenanza SU-3a
GRAO DE PROTECCIÓN: Integral

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-10



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Arquitectura Patega

ADSCRIPCIÓN CULTURAL: Barroco

CRONOLOXÍA: S XVIII-XIX

PROPIETARIO:

USO ACTUAL: Vivenda

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular

DESCRIPCIÓN: Edificio de planta rectangular alongada, dúas alturas, disposición irregular dos vans, muros portantes de cachotería enlucada, con cantería nos esquinais e nas pezas que conforman os vans; a cuberta está resolta a catro augas con cubrición de fibrocemento. Nos laterais ten engadidos modernos de formigón. Na fachada principal destaca a presenza dunha pedra de armas timbrada con coroa e orlada con motivos vexetais, mentres que na fachada posterior atópase outro escudo de feitura máis sinxela.

NOME: Escolas Agro Regueiro

LUGAR: Campo do Rollo

PARROQUIA: Santa María de Baio

CÓDIGO DO ELEMENTO:

5-1

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano

CALIFICACIÓN: Sistema Xeral de Equipamento

GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-3



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Arquitectura Civil

ADSCRIPCIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: S XX

PROPIETARIO: Concello de Zas

USO ACTUAL: Consultorio médico do SERGAS

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRIPCIÓN: Dous corpos cúbicos cuadrangulares de dúas alturas e cuberta a catro augas con cubrición de tella curva, unidos por un corpo horizontal, conforman un edificio de planta rectangular, con muros portantes enfoscados e pintados. A disposición regular dos vans outórgalle un ritmo compositivo á fachada. Na planta terrea estaban as aulas dedicadas ó ensino e na planta alta a residencia dos mestres.

PLAN XERAL DE
ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE ZAS

CATÁLOGO DE PATRIMONIO

NOME: Casa do Concello
LUGAR: Zas
PARROQUIA: Santo André de Zas

CÓDIGO DO ELEMENTO:

5-2

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano
CALIFICACIÓN: Sistema Xeral de Equipamento
GRAO DE PROTECCIÓN: Estructural

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-10



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Arquitectura Civil

ADSCRIPCIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: S XX

PROPIETARIO: Concello de Zas

USO ACTUAL: Casa consistorial

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN: Edificio de planta articulada en tres volumes, dúas alturas, con muros portantes de cantería á vista, cubertas a catro e tres augas con cubrición de tella curva e composición rítmica e regular dos vans. O corpo central retránquease con respecto os laterais, o espacio que deixa o retranqueo aproveitase na planta terrea cun soportal de triple arcada (entrada principal), en riba dispónse unha pequena terraza balconada. Remata este eixe central o reloxo, ó que enmarca unha extensión semicircular que rompe a liña do cornixa.

NOME: Ponte de Boio
LUGAR: Boio. AC-552
PARROQUIA: Santa María de Boio


CÓDIGO DO ELEMENTO:

6-1

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano
CALIFICACIÓN: Sistema Xeral Viario
GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-3



ADSCRIPCIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura Civil

ADSCRIPCIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: S. XIX

PROPIETARIO:

USO ACTUAL: Ponte

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular

DESCRIPCIÓN: Ponte sobre o rego Grande, dun só arco de cantería rebaixado con dous pequenos aliviadoiros. Por riba pasa a AC-552, foi ensanchado para adecuarse á intensidade do tráfico.

NOME: Ponte Lodoso
LUGAR: A Cachareosa. AC-404
PARROQUIA: Santa María de Baio

CÓDIGO DO ELEMENTO:

6-2

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Rústico de Protección de Augas
CALIFICACIÓN: Sistema Xeral Vario
GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-3



ADSCRIPCIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura Civil

ADSCRIPCIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: S. XIX

PROPIETARIO:

USO ACTUAL: Ponte

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRIPCIÓN: Ponte sobre o río Grande, dun só arco rebaixado, construído enteiramente en cantería granítica. Conserva os peitorís orixinais con apartadoiros de entrada e saída a ambos lados.

NOME: Ponte de Brandomil
LUGAR: Brandomil
PARROQUIA: San Pedro de Brandomil


CÓDIGO DO ELEMENTO:

6-3

CLASIFICACIÓN DO SOLO: S.R.P. Patrimonio-S.R.P.das Augas
CALIFICACIÓN: Sistema Xeral Viario
GRAO DE PROTECCIÓN: Integral

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-19



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Arquitectura Civil

ADSCRIPCIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: S. XVI

PROPIETARIO:

USO ACTUAL: Ponte

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRIPCIÓN: Ponte sobre o río Xallos. Consta de catro vans trazados con arcos de medio punto, dous deles cun dobre arco. Está construída maiormente con perpiaños de cantería granítica, inda que nalgúñas partes non se rexeita o uso de cachotería. O taboleiro de case tres metros de anchura, conserva os apartadoiros para os peñs que son coincidentes en forma e tamaño cos tallamores que lles serven de base, triangulares augas arriba e trapezoidais augas abaixo. A ponte está situada nun entorno de gran beleza e interese arqueolóxico, dada a abundancia de restos romanos non se descarta a súa orixe romana.

NOME: Casa de Martínez
LUGAR: A Cacharosa
PARROQUIA: Santa María de Baio


CÓDIGO DO ELEMENTO:

7-1

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano
CALIFICACIÓN:
GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-3



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Vivenda urbana

ADSCRIPCIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: S XIX

PROPIETARIO: Familia Romero Lema

USO ACTUAL: Vivenda

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN: Edificio de planta rectangular, dúas alturas máis baixa cuberta, con muros portantes de cachotería enfusada, agás a cantería dos vans e esquinais, e cuberto a dúas augas con cubrición de tella curva. Na súa fachada destaca un balcón voado sobre pezas de cantería con varanda de ferro, flanqueado por dúas amplas galerías.

NOME: Casa dos Morgade
LUGAR: O Chamberín
PARROQUIA: Santa María de Baio

CÓDIGO DO ELEMENTO:

7-2

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano
CALIFICACIÓN: Residencial
GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-3



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Arquitectura popular

ADSCRIPCIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: S. XIX

PROPIETARIO:

USO ACTUAL: Vivenda

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular

DESCRIPCIÓN: Edificio de planta rectangular, dúas alturas, disposición irregular dos vans con peitorís de cantería, muros portantes de cachotería enfoscada e cuberta a tres augas con cubrición de tella curva.

NOME: Casa de Ponte
LUGAR: Baio
PARROQUIA: Santa María de Baio


CÓDIGO DO ELEMENTO:

7-3

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano
CALIFICACIÓN: Residencial
GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-3



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Vivenda urbana
ADSCRIPCIÓN CULTURAL: Trazas modernistas
CRONOLOXÍA: S. XIX

PROPIETARIO:
USO ACTUAL: Vivenda
ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular

DESCRIPCIÓN: Edificio de planta cuadrangular, con muros portantes de cachotería enfoscada, dúas alturas e disposición regular dos vans rematados en arcos escórzanos. A cuberta está resolta a catro augas con cubrición de tella plana. Nos planos das fachadas destaca a presenza de pilastras que marcan o ritmo compositivo dos vans (con balcóns voados os dous centrais e galerías os laterais) e alixeiran o rotundo volume cúbico da construción.

NOME: Casa de Varela
LUGAR: Baio Grande
PARROQUIA: Santa María de Baio

CÓDIGO DO ELEMENTO:

7-4

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano
CALIFICACIÓN: Residencial
GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-3



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Arquitectura popular

ADSCRIPCIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA:

PROPIETARIO:

USO ACTUAL: Vivenda

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN: Edificio con planta en forma de L, resultado da unión de dous corpos rectangulares, con muros portantes de cochotería enfusada e dúas alturas. A cuberta está resolta a dúas augas con cubrición de tella curva no corpo principal e a catra no corpo máis curto, no que destaca a presenza dunha solaina. Completan a vivenda diversas construcións adxectivas.

NOME: Casa Nova de Agra
LUGAR: Baio
PARROQUIA: Santa María de Baio

CÓDIGO DO ELEMENTO:

7-5

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano
CALIFICACIÓN: Residencial
GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-3



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Vivenda Urbana

ADSCRIPCIÓN CULTURAL: Modernismo

CRONOLOXÍA: S XX

PROPIETARIO:

USO ACTUAL: Vivenda

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRICIÓN: Edificio de planta cuadrangular, de dúas alturas, con muros portantes de coxotería enfuscada e pintada. A cuberta está resolta a catro augas con cubrición de tella plana. Os vans están dispostos de forma regular, na súa fachada principal destaca a presenza dun balcón voado e un frantoncillo en riba da ventá central co lintel decorado.

NOME: Casa de Blanquita
LUGAR: Baio Pequeno
PARROQUIA: Santa María de Baio


CÓDIGO DO ELEMENTO:

7-6

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano
CALIFICACIÓN: Residencial
GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-3



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Arquitectura popular

ADSCRIPCIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA:

PROPIETARIO:

USO ACTUAL: Vivenda

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRIPCIÓN: Edificio de planta rectangular, dúas alturas, muros portantes de cachotería e cuberta a dúas augas con cubrición de tella curva. Trátase dun volume cubico retundo ó que a disposición regular dos vans lle concede ritmo compositivo na fachada.

NOME: Casas Vellas dos Agra

LUGAR: Baio

PARROQUIA: Santa María de Baio

CÓDIGO DO ELEMENTO:

7-7

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano

CALIFICACIÓN: Residencial

GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-3



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Arquitectura popular

ADSCRIPCIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA:

PROPIETARIO:

USO ACTUAL:

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Destruída



DESCRIPCIÓN: Dúas casas pegadas con planta rectangular, muros portantes de cachotería á vista, dúas alturas e cubertas a dúas augas con cubrición de tella curva. A disposición dos vans é irregular. Destaca a presenza dunha gran fumeira, e unhas construcións adxectivas anexas completan o conxunto.

Na actualidade, a ampliación da estrada AC-430, fixo derrubar por completo as súas vevedas, deixando en pé só un hñarreo e un galpón.

NOME: Casa de Outedo
LUGAR: O Chamberín
PARROQUIA: Santa María de Baio

CÓDIGO DO ELEMENTO:

7-8

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano
CALIFICACIÓN: Residencial
GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-3



ADSCRIPCIÓN TIPOLÓXICA: Vivenda urbana

ADSCRIPCIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA:

PROPIETARIO:

USO ACTUAL: Vivenda

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular
Desvirtuadas por actuacións recentes

DESCRIPCIÓN: Edificio adosado a outra vivenda, con planta rectangular, dúas alturas máis baixocuberta, muros portantes de cachotería enfuscada. A cuberta orixinal estaba disposta a dúas augas, pero variouse a súa estrutura cunha buforda. O elemento arquitectónico máis salientable é un balcón corredor voado, sobre pezas de cantería de boa factura, disposto na fachada e cunha varanda de ferro.

NOME: Casa do Arcebispo Romero Lema (Torre del Escudero)

LUGAR: Campo do Rollo

PARROQUIA: Santa María de Baio

CÓDIGO DO ELEMENTO:

7-9


CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano

CALIFICACIÓN: Residencial

GRAO DE PROTECCIÓN: Estrutural

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-3



ADSCRIPCIÓN TIPOLÓXICA: Casa labrega

ADSCRIPCIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA:

PROPIETARIO: Diocese de Santiago de Compostela

USO ACTUAL: Abandonada

ESTADO DE CONSERVACIÓN: En ruínas

DESCRICIÓN: Edificio en ruínas con planta rectangular alongada e muros portantes de cochotería de granito, dúas alturas e cubería tres augas (hoxe en día desaparecida). A disposición dos vanos e irregular. Do seu volume cúbico e rotundo destácanse unha fumeiro de grandes dimensións e o volume externo dun forno.

NOME: Casa do muiñeiro e muiños

LUGAR: Os Muiños

PARROQUIA: O Allo

CÓDIGO DO ELEMENTO:

8-1


CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Rústico de Protección Ordinaria

CALIFICACIÓN:

GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-3



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Arquitectura popular
e do pan

ADSCRIPCIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA:

PROPIETARIO:

USO ACTUAL: Vivenda ocasional e muiños

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular

DESCRIPCIÓN: Edificio de planta articulada en forma de T, dúas alturas, disposición irregular dos vans, muros portantes de cachotería á vista agás en esquinais, xambas e linteis, que son de contería; e cubertas a tres augas con cubrición de tella. Nun dos seus muros testeiros ten adosada unha construción adxectiva. Xunto á vivenda destaca a presenza de dous muiños de regato de rodicio e canle. O primeiro, dunha soa moa, un volume cúbico de planta rectangular con muros portantes de cachotería á vista, cuberto a dúas augas e cubrición de tella curva. A continuación sitúase outro de maiores dimensións, de tres moas, nun edificio de características constructivas semellantes á anterior, con actuacións recentes desafortunadas, cubrición de fibrocemento e incremento de altura de formigón. Dous hórreos, un tipo Fisterro e outro de construción máis recente completan o conxunto.

NOME: Casa en Brandomil
LUGAR: Brandomil
PARROQUIA: San Pedro de Brandomil

CÓDIGO DO ELEMENTO:

8-2

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural

CALIFICACIÓN:

GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-19



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Arquitectura popular

ADSCRIPCIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: S. XIX

PROPIETARIO:

USO ACTUAL: Deshabitada

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular

DESCRIPCIÓN: Edificio de volumetría cúbica, planta rectangular, dúas alturas, disposición irregular dos vans, muros portantes de cachotería enfuscaada agás os esquinaís, xambas e linteís de cantería; cuberta a catro augas con cubrición de tella curva. En riba dunha porta de entrada na cabeceira, destaca a presenza dun balconciño de cantería con varanda de forxa.

NOME: Casa, alpendres e hórreos

LUGAR: Os Currais

PARROQUIA: Santa María de Brandosa

CÓDIGO DO ELEMENTO:

8-3

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural

CALIFICACIÓN:

GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-18



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Arquitectura popular

ADSCRIPCIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: S. XX

PROPIETARIO:

USO ACTUAL: Vivenda

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular

DESCRIPCIÓN: Edificio de planta rectangular, dúas alturas, disposición irregular dos vans; muros portantes de cachotería á vista con esquinais, xambos e linteis de cantería; cuberto a dúas augas con cubrición de tella curva. A volumetría cúbica do edificio está alterada polo desenvolvemento lonxitudinal de corpos engadidos, construcións adxectivas de proporcións similares á volume primixenio. Dous hórreos tipo Fistera, cunha cámara longa e estreita cerrada de xeito continuado con gradas horizontais de pedras irregulares, asentados sobre esveltos pés troncocónicos, que lles confiren unha sensación de inestabilidade, polo súa forma afusada. Os pés rematan en tornarratos circulares na parte superior convexa. As cubertas están resoltas a dúas augas con cubrición de tella curva. Un alpendre aberto de planta rectangular, muros de cachotería e cuberto a dúas augas con cubrición de tella curva completa o conxunto.

NOME: Casa e alpendres
LUGAR: Vilarcoba
PARROQUIA: Santa María de Brandoños

CÓDIGO DO ELEMENTO:

8-4

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Rústico de Protección Forestal

CALIFICACIÓN:

GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-18



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Arquitectura popular

ADSCRIPCIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: S. XIX-XX

PROPIETARIO:

USO ACTUAL: Abandonada

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Ruinosa

DESCRIPCIÓN: Edificio de volumetría cúbica, planta rectangular, dúas alturas, disposición irregular dos vans, muros portantes de cachotería á vista ata a altura do primeiro andar e enfusados na parte alta, con pezas intercaladas de cantería; cuberta a dúas augas con cubrición de tella curva. As construcións adxectivas completan o conxunto, alpendres de cachotería e cubrición de tella, pozo e pombal. Todo o conxunto está ruinoso e invadido pola maleza.

NOME: Recinto cerrado con casa, alpendres, hórreo e pombal
LUGAR: Carreira
PARROQUIA: Santiago de Carreira

CÓDIGO DO ELEMENTO:

8-5


CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural

CALIFICACIÓN:

GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-8



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Arquitectura popular

ADSCRIPCIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: S. XIX-XX

PROPIETARIO: Perfecto Esposandín Muños

USO ACTUAL: Deshabitada

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Malo

DESCRIPCIÓN: Conxunto organizado en torno a unha eira central e composto por unha casa-vivenda con planta en forma de L, dúas alturas, muros de cachotería á vista con pezas de cantería en vans de disposición irregular; a cuberta está resolta a dúas augas por ala, con cubrición de tella curva. Este volume desenvólvese perpendicular e lonxitudinalmente en forma de alpendres abertos e cerrados de cachotería á vista e cubertas a dúas augas con cubrición de tella curva e fibrocemento, completan o conxunto un alpendre exento, un hórreo tipo Fisterra e un pombal (ficha 12-3).

NOME: Casa e alpendres
LUGAR: Carreira
PARROQUIA: Santiago de Carreira

CÓDIGO DO ELEMENTO:

8-6


CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural

CALIFICACIÓN:

GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-8



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Arquitectura popular

ADSCRIPCIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: S.XIX-XX

PROPIETARIO: Segundo Varela

USO ACTUAL: Deshabitada

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular

DESCRIPCIÓN: Edificio de volumetría cúbica, planta rectangular, dúas alturas, disposición irregular dos vans, muros portantes de cachotería á vista con pezos de cantería en xambas e linteis, e cuberta a dúas augas con cubrición de tella curva. Un alpendre perpendicular a vivenda completa o conxunto, todo el cerrado por un valado de pedra.

NOME: Casa Mallón
LUGAR: Pedramaior
PARROQUIA: Santiago de Carreira

CÓDIGO DO ELEMENTO:

8-7


CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural

CALIFICACIÓN:

GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-10



ADSCRIPCIÓN TIPOLÓXICA: Arquitectura popular

ADSCRIPCIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: S.XX

PROPIETARIO: Familia Mallón

USO ACTUAL: Vivenda

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRIPCIÓN: Edificio de volumetría cúbica, planta rectangular, dúas alturas máis baixocuberta, disposición regular dos vans, muros portantes de cachotería á vista nas fachadas agás esquinais, xambas e linteis de cantería. A cuberta está resolta a dúas augas con cubrición de tella curva. Un alpendre e un hórreo tipo Fisterra completan o conxunto.

NOME: Casa do Vinculeiro
LUGAR: Parga
PARROQUIA: Santo María de Gándara

CÓDIGO DO ELEMENTO:

8-8

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural
CALIFICACIÓN:
GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-8



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Arquitectura popular

ADSCRIPCIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: S.XIX

PROPIETARIO: Manuel Soto Focal

USO ACTUAL: Deshabitada

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Malo

DESCRIPCIÓN: Edificio de volumetría cúbica, planta rectangular, dúas alturas, disposición irregular dos vans e muros portantes de cachotería á vista agás esquinais, xambas e linteis; a cuberta está resolta a tres augas con cubrición de tella curva. Do bloque da vivenda sobresaie unicamente na fachada posterior o volume semicircular do forno.

NOME: Casa, alpendres e hórreos

LUGAR: A Xesta, O Sisto

PARROQUIA: Santa María de Gándara

CÓDIGO DO ELEMENTO:

8-9

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural

CALIFICACIÓN:

GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-5



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Arquitectura popular

ADSCRIPCIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: S.XIX-XX

PROPIETARIO:

USO ACTUAL: Vivenda

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular

DESCRIPCIÓN: Edificio de volumetría cúbica, planta rectangular, dúas alturas, disposición regular dos vans, muros portantes de cachotería enfusados e cuberta a dúas augas con cubrición de tella curva. A vivenda ten un desenvolvemento lonxitudinal en forma de alpendre aberto. Dous alpendres exentos, de planta rectangular, muros de cachotería 6 vista e cuberta a dúas augas con cubrición de tella curva completan o conxunto xunto a 2 hórreos tipo Fisteria.

NOME: Casa
LUGAR: A Mosqueira, O Sisto
PARROQUIA: Santa María de Gándara

CÓDIGO DO ELEMENTO:

8-10

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural

CALIFICACIÓN:

GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental

LOCALIZACIÓN EN PLANO:

EX-5



ADSCRIPCIÓN TIPOLOXICA: Arquitectura popular

ADSCRIPCIÓN CULTURAL:

CRONOLOXÍA: S.XX

PROPIETARIO:

USO ACTUAL: Vivenda

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo

DESCRIPCIÓN: Edificio de volumetría cúbica, planta rectangular, dúas alturas, disposición regular dos vans, muros portantes de coxotería á vista agás esquinais, xambas e linteis; o cuberto está resolta a dúas augas con cubrición de tella curva. Un corpo de igual fábrica que a vivenda e unha só altura desenvólvese lonxitudinalmente a volume principal.

NOME: Casa, alpendres e hórreos

LUGAR: Vilar Ramilo

PARROQUIA: Santa María de Gándara

CÓDIGO DO ELEMENTO:

8-11


CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural

CALIFICACIÓN:

GRAO DE PROTECCIÓN: Ambiental
